



# PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

CEIP Francisco Vales Villamarín  
Edificio de educación primaria



CEIP Francisco Vales Villamarín  
Concello de Betanzos

VERSIÓN Nº	PREPARADO POR	DATA	OBSERVACIÓNS
<b>00</b>	<b>PREVINEM S.L.</b>	<b>05/2016</b>	Documento inicial
<b>01</b>	<b>PREVINEM S.L.</b>	<b>04/2020</b>	Revisión 1
<b>01</b>	<b>PREVINEM S.L.</b>	<b>03/2024</b>	<p>Modificacións introducidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>·actualización da normativa de aplicación.</li> <li>·actualización das actividades extraescolares.</li> <li>·información sobre a revisión da instalación eléctrica (2019).</li> <li>·eliminación do depósito soterrado de 10.000 litros do edificio B e inclusión da información sobre o depósito de 2.000 litros anexo ao depósito.</li> <li>·Modificación da información gráfica sobre o depósito soterrado.</li> <li>·Actualización dos datos de alumnado.</li> </ul>

## ÍNDICE

<b>Capítulo 0. Obxecto, normativa e contidos do plan e do programa Autoprotección nas escolas.....</b>	<b>4</b>
0.1. Obxecto da autoprotección.....	4
0.2. Normativa dos plans de autoprotección.....	4
<b>CAPÍTULO 1. Identificación do titular e do emprazamento da actividade.....</b>	<b>7</b>
1.1. Identificación da actividade.....	7
1.3. Director do Plan de Autoprotección e da Directora do Plan de Actuación en emerxencias	7
<b>Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve .</b>	<b>9</b>
2.1. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.....	9
2.2. Descrición dos espazos nos que se desenvolven as actividades.....	12
2.3. Clasificación e descrición dos usuarios e usuarias.....	22
2.4. Descrición do entorno.....	23
2.4.1. Descrición do entorno urbano.....	23
2.5. Descrición dos accesos, condicións de accesibilidade da axuda externa.....	26
<b>CAPÍTULO 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.....</b>	<b>33</b>
3.1. Descrición e localización dos elementos e instalacións que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia.....	33
3.2.1. Análise e avaliación dos riscos propios da actividade.....	40
3.2.2. Análise e avaliación dos riscos externos.....	41
3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas.....	44
<b>Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.....</b>	<b>50</b>
4.1. Cadro resumo das medidas e medios propostos.....	50
4.2. Medios humanos.....	53
<b>4.3. Medios técnicos.....</b>	<b>56</b>
4.4. Medios sanitario.....	57
4.5. Medios de evacuación.....	58
Posto de mando.....	72
4.6. Punto de encontro e espazo exterior seguro.....	72
<b>Capítulo 5. Programa de mantemento das instalacións.....</b>	<b>76</b>
5.1. Consideracións previas sobre o programa de mantemento.....	76
5.2. Mantemento preventivo das instalacións de riscos.....	77
5.3. Mantemento preventivo das instalacións de protección.....	86
5.4. Outras operacións de mantemento preventivo.....	89
<b>Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.....</b>	<b>91</b>
6.1. Identificación e clasificación das emerxencias.....	91
6.1.1. En función do tipo de risco.....	91
6.1.2. En función da gravidade.....	92
6.2.5. Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.....	97

6.3. Identificación do persoal designado .....	114
6.4. Identificación do responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante emerxencias .....	122
<b>CAPÍTULO 7. Integración do Plan de Autoprotección en outros de ámbito superior ....</b>	<b>126</b>
7.1. Plan territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia .....	126
<b>CAPÍTULO 8. Implantación do Plan de Autoprotección.....</b>	<b>132</b>
8.1. Criterios para a implantación do Plan de Autoprotección .....	132
8.2. Identificación do responsable da implantación do Plan .....	133
8.4. Programa de formación para todo o persoal .....	137
8.5. Programa de información xeral para os usuarios e usuarias .....	137
8.6. Sinalización e normas de actuación para visitantes.....	139
8.7. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.....	139
<b>CAPÍTULO 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan .....</b>	<b>141</b>
9.1. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.....	141
9.2. Programa de substitución de medios e recursos .....	141
9.3. Programa de exercicios e simulacros .....	141
9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forme parte do Plan de Autoprotección .....	142
9.5. Programa de auditorías.....	143
<b>ANEXO I .....</b>	<b>144</b>
<b>ANEXO II .....</b>	<b>146</b>
<b>ANEXO III .....</b>	<b>151</b>
<b>ANEXO IV .....</b>	<b>159</b>
<b>ANEXO V .....</b>	<b>179</b>



## Capítulo 0. Obxecto, normativa e contidos do plan e do programa Autoprotección nas escolas

### 0.1. Obxecto da autoprotección

A autoprotección é un sistema de accións e medidas encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar as respostas adecuadas ás posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas actuacións con o sistema público de protección civil.

O presente Plan de Autoprotección é froito da colaboración entre os responsables e profesionais do CEIP e PREVINEM, empresa especializada na prevención de emerxencias, que, no marco do seu programa *Autoprotección nos centros educativos*, procura elaborar bases sólidas para unha correcta prevención e xestión da emerxencia nunha actividade tan heteroxénea como a educativa.

É por iso que o CEIP Francisco Vales Villamarín, guiado polas súas obrigas legislativas en materia de prevención de riscos laborais e de protección civil, procura dar cumprimento a estas labores de previsión, planificación, prevención e intervención, mediante a elaboración e implantación do presente Plan e, ademais, pondo en marcha accións encamiñadas á difusión dos seus contidos, e con eles os principios da autoprotección entre os seus traballadores e alumnado, como mostra do seu elevado compromiso coa seguridade dos mesmos.

### 0.2. Normativa dos plans de autoprotección

O presente Plan de Autoprotección foi elaborado en base á información subministrada pola Dirección do CEIP e a normativa referida á autoprotección e á prevención e actuación en caso de emerxencia:

- Relativa á autoprotección,
  - Orde do 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de Centros Docentes de Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación profesional.
  - Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que aproba a Norma Básica de Autoprotección.
  - Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
  
- Relativa á prevención e control de emerxencias,
  - Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galiza.
  - Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e outros plans especiais de protección civil de aplicación.
  
- Relativa á prevención de riscos laborais,
  - Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
  - Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, pola que se establecen disposicións mínimas de

seguridade e saúde nos lugares de traballo.

- Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, sobre a coordinación das actividades preventivas.
- E aqueles recollidos na normativa UNE,
  - UNE 23032: 2015. Seguridade contra incendios. Símbolos gráficos para a súa utilización nos planos de construción e plans de emerxencia
  - UNE 23033-1: 1981. Seguridade contra incendios. Sinalización
  - UNE 23034: 1988. Seguridade contra incendios. Sinalización de seguridade. Vías de evacuación.
  - UNE-EN 50172: 2005. Sistemas de alumeado de seguridade.

Ademais, para elaborar o presente documento, o técnico redactor deste PAU tivo acceso á seguinte información:

- Anterior Plan de autoprotección do centro, realizado pola empresa *Previnem*
- Reunión e outras consultas telefónicas coa dirección do centro.

## Capítulo 1.

### **Identificación do titular e do emprazamento da actividade**

Neste primeiro capítulo do Plan, identifícase o emprazamento, as características xerais da actividade e o edificio que a acolle, así como os titulares da actividade, o director do Plan de Autoprotección e o Director do Plan de Actuación en caso de Emerxencia.

### **Contidos**

#### **1.1. Identificación da actividade**

#### **1.2. Identificación da persoa titular**

#### **1.3. Director/a do Plan de Autoprotección e Director/a do Plan de Actuación ante emerxencias**

## CAPÍTULO 1. Identificación do titular e do emprazamento da actividade

### 1.1. Identificación da actividade

<b>CEIP Francisco Vales Villamarín (Edificio de educación primaria)</b>		
<b>CIF: Q6555080H</b>		
Dirección: Avenida do Carregal, 4	Localidade: Betanzos	Provincia: Coruña
Teléfono: 881 88 02 37	e-mail: ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es	

### 1.2. Identificación do titular da actividade

<b>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</b>		
<b>Xunta de Galicia</b>		
Edificio Administrativo San Caetano	Localidade: Santiago de Compostela 15781	Provincia: A Coruña
Teléfonos: 981 544 400 / 981 544 376	e-mail:	

### 1.3. Director do Plan de Autoprotección e da Directora do Plan de Actuación en emerxencias

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>		
<b>Nome:</b> Alejandro Sánchez Amado		
<b>NIF:</b> 32.766.071-H		
<b>Cargo:</b> Director		
Dirección: Avenida do Carregal, 4	Localidade: Betanzos	Provincia: Coruña
Teléfono: 881 88 02 37	e-mail: ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es	

<b>Director do Plan de actuación en emerxencias</b>		
<b>Nome:</b> Alejandro Sánchez Amado		
<b>NIF:</b> 32.766.071-H		
<b>Cargo:</b> Director		
Dirección: Avenida do Carregal, 4	Localidade: Betanzos	Provincia: Coruña
Teléfono: 881 88 02 37	e-mail: ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es	

## Capítulo 2.

### **Descrición da actividade e do medio físico no que se desenvolve**

Alargando a información contida no primeiro capítulo, móstrase unha descrición detallada de cada unha das actividades que se desenvolven, do espazo onde se desenvolven, clasificación e descrición dos usos, da contorna urbana ou natural e descrición dos accesos e condicións de accesibilidade para a axuda externa.

### **Contidos**

- 2.1. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan**
- 2.2. Descrición dos espazos nos que se desenvolven as actividades**
- 2.3. Clasificación e descrición dos usuarios**
- 2.4. Descrición do entorno**
- 2.5. Descrición dos accesos, condicións de accesibilidade da axuda externa**
- 2.6. Condicións de aproximación e entorno para os servizos de extinción de incendios**

### **PLANOS**

**Planos descritivos das instalación do centro (en Anexo V)**

## Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve

### 2.1. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan

O Centro de Educación Infantil e Primaria Francisco Vales Villamarín é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A actividade principal do centro é a docencia dos diferentes niveis da Educación infantil e primaria, concretamente do segundo ciclo no caso de infantil, e do primeiro e segundo no caso de etapa de primaria.

Centro escolar	Etapa	Ciclo	Curso	Idade
Avenida Fraga Iribarne	Educación infantil	2º	4º	3-4 anos
			5º	4-5 anos
			6º	5-6 anos
Camiño do Carregal	Educación primaria	1º	1º	6-7 anos
			2º	7-8 anos
			3º	8-9 anos
		2º	4º	9-10 anos
			5º	10-11 anos
			6º	11-12 anos

Debido ao gran número de alumnado do centro, **os ciclos educativos atópanse divididos en dous edificios diferentes**, tendo por unha parte aos alumnos e alumnas de educación infantil en un centro situado na Avenida Fraga Iribarne e ao **alumnado de primaria** noutro **centro situado no Camiño do Carregal**. Por este motivo, **realizaremos dous Plans de Autoprotección, un para cada un dos referidos centros escolares**, aínda que as figuras do Director do Plan de Autoprotección en ambos centros recaeran nunha mesma persoa, neste caso, o director do CEIP, D. Alejandro Sánchez Amado.

**O presente documento corresponde ao centro escolar situado no Camiño do Carregal, onde se imparten ensinanzas dos ciclos de Educación Primaria, e que de forma abreviada identificaremos tamén ao longo deste documento como CEP (Centro de Educación Primaria).**

O **horario de apertura** do centro é o seguinte,

Actividade	Horario
Escolar (Docencia)	Luns a venres: 9h00 a 14h00
Escolar (só presenza de profesorado)	Martes: 16h00 a 18h00
Extraescolar	Luns a venres: 16h00 a 18h00
Comedor	Luns a venres: 14h00 a 16h00
Conserxería	Luns a venres: 9h00 a 14h00 Martes: 16h00 a 18h00
Limpeza	Luns a venres: 14h00 a 20h00

Ademais das actividades estritamente escolares, se organizan **actividades de carácter extraescolar no centro**, realizándose algunhas no interior do mesmo e outras fóra das súas instalacións. Noutros casos, é o centro o que cede as súas instalacións para acoller actividades. É por isto que incluiremos no anexo IV un protocolo de cesión das instalacións. As actividades que se levan a cabo no curso 2019/2020 son as seguintes:

Actividade	Horario	Lugar
Baloncesto 4-9	Luns, Mércores: 16h00 a 17h00	Pavillón CEIP Vales Villamarín
Baloncesto 10-12	Luns, Mércores: 17h00 a 18h00	Pavillón CEIP Vales Villamarín
Ximnasia rítmica 4-8	Luns, Venres: 16h00 a 17h00	Pavillón IES Francisco Aguiar
Ximnasia rítmica 8-12	Mércores, Venres: 16h00 a 17h00	Pavillón IES Francisco Aguiar
Taekwondo 4-12	Luns, Mércores: 16h00 a 17h00	Sala de usos múltiples / Aula de Música Edificio Primeiro de Primaria
Arte y Pintura 3-12	Luns, Mércores. 16h00 a 17h00	Aula Edificio de Primaria
Fútbol Sala 6-12	Martes, xoves: 16h00 a 17h00	Pavillón CEIP Vales Villamarín
Patinaxe Iniciación	Martes, xoves: 16h00 a 17h00	Patio cuberto CEIP Vales Villamarín
Xadrez 6-12	Luns, Venres: 16:00 - 17:00	Aula Edificio de Primaria
Baile 3 -12	Martes, Xoves: 17:00 - 18:00	--
Psicomotricidade 3-6	Martes, Xoves 16:00 - 17:00	Edificio de infantil
Pequexogos 3-6	Luns. Mércores	Edificio de infantil

Actividade	Horario	Lugar
	16:00 - 17:00	

Por outra banda, no centro tamén se organizan actividades relacionadas con **eventos de celebración anual** como poden ser o Samaín, o Nadal, o Entroido, o Fin de Curso...

### **Eventos de celebración anual**

Festa	Lugar	Horario	Data
Samaín	Patio cuberto	9h00 a 14h00	Outubro/novembro
Nadal	Pavillón	9h00 a 14h00	Decembro
Entroido	Sala usos múltiples	9h00 a 14h00	Febreiro
Fin de actividades	Pavillón	9h00 a 14h00	Xuño

O lugar de celebración dos eventos pode variar en función da climatoloxía ou das necesidades da actividade que se vaia a levar a cabo. A maioría dos referidos eventos celébranse unicamente para os alumnos e alumnas do centro, aínda que en ocasións se celebran eventos de portas abertas aos que poden acudir os familiares do alumnado.

Ademais, debido ao gran número de alumnos e alumnas do centro, os eventos se realizan de xeito secuencial, por cursos ou grupos, non xuntando nunca a todo o alumnado no mesmo horario e evento.

### **Actividades no exterior do recinto, visitas e excursións**

Non toda a actividade do centro educativo se desenvolve dentro das súas instalacións. Ao longo do curso, o centro organiza excursións ou visitas para as que estableceremos protocolos para a prevención e actuación en caso de emerxencia.

En dito protocolo, incluído no Anexo II, incluírase a seguinte información:


- Destino
- Data e horario
- Número de alumnos
- Número e identificación do alumnado
- Número e identificación de docentes
- Xefe de emerxencia
- Responsable de primeiros auxilios (caixa de urxencias)



## 2.2. Descrición dos espazos nos que se desenvolven as actividades

As instalación de educación primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín se corresponden con dous edificios nos que se imparte educación primaria, un patio cuberto, un pavillón, un patio para lecer do alumnado e unha zona para estacionamento de vehículos.

As referidas instalacións están construídas nun solar cunha superficie de 10.761 m<sup>2</sup>, situado nas seguintes coordenadas,




Coordenadas UTM
FUSO 29
X 563363
Y 4792394

Este recinto no que se atopa o CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, pertencente ao Municipio de Betanzos, conta cos seguintes lindes:

- norte: IES Francisco Aguiar e Camiño do Carregal
- este: espazo baldío no que se acumulan vehículos desgonzados e/ou restos deles correspondentes as naves industriais e talleres de reparación próximas.
- Sur: instalacións correspondentes a unha panificadora e predio particular.


- oeste: rúas Camiño do Carregal xunto coa Av. Fraga Iribarne, masa forestal, edificios de vivendas, taller de chapa e naves abandonadas.



O CEIP *Francisco Vales Villamarín* abarca totalmente a referencia catastral co nº 3625627NH6932N0001QJ.

Se mostra a continuación detalle da mesma, segundo a consulta catastral realizada,





SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA  
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

### CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

**REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE**  
3625627NH6932N0001QJ

**DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE**

LOCALIZACIÓN: CM CARRÉGAL, 15300 BETANZOS [A CORUÑA]

USO PRINCIPAL: Cultural | AÑO CONSTRUCCIÓN: 1972

COORDINADA DE PARTICIPACIÓN: 100,000000 | SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>): 7.165

**PARCELA CATASTRAL**


SITUACIÓN: CM CARRÉGAL, BETANZOS [A CORUÑA]

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>): 7.165 | SUPERFICIE GRÁFICA PARCELA (m<sup>2</sup>): 10.761 | TIPO DE PARCELA: Parcela construida sin división horizontal

**CONSTRUCCIÓN**

Destino	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m <sup>2</sup>
ENSEÑANZA		00		2.892
ENSEÑANZA		01		1.598
ENSEÑANZA		02		1.598
DEPORTIVO	2	00	A	1.378
ALMACEN	3	00	A	81

**INFORMACIÓN GRÁFICA** E: 1/1500



Este documento no es una verificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del 'Acceso a datos catastrales no protegidos' de la SEC.

As instalacións dedicadas á educación primaria dentro do CEIP corresponderían con catro edificacións anexas: dous edificios educativos (1 e 2), un pavillón (4) e un patio cuberto (3),



Id.	Espazo
1	Centro Educación Primaria A
2	Centro Educación Primaria B
3	Patio Cuberto
4	Pavillón

Ademais, o CEIP tamén comparte de xeito puntual as instalacións do pavillón deportivo do IES Francisco Aguiar.

Ao carecer de acceso ao Proxecto Técnico do edificio, o técnico responsable da redacción do presente Plan, non ten información sobre os elementos construtivos dos edificios e resto de instalacións que compoñen o centro educativo. Por este motivo, limitáronos a facer unha breve descrición dos mesmos:

- O **centro de Educación Primaria A** é un edificio de tres plantas sobre rasante: planta baixa, primeira e segunda.





- Na planta baixa están situadas as zonas de uso común do centro (aula de usos múltiples, comedor, aulas de música, informática, inglés e relixión), as estancias dedicadas á administración e conserxería, e varias aulas. Tamén atopamos na planta baixa a vivenda do conserxe.
- Na planta primeira está a zona de administración e dirección, así como outra zona de aulas.
- Na planta segunda, atopamos mais aulas, así como unha biblioteca.

As plantas están conectadas entre si por dúas escaleiras de uso público de carácter non protexido e por dous ascensores.

O edificio está construído con pilares de formigón e muros de ladrillo con revestimento enfuscado.

Respecto á distribución de ocos na fachada, cómpre realizar as seguintes apreciacións:


- Todas as fachadas do centro contan con ocos, salvo as fachadas mais estreitas correspondentes "ás cabezas" dos pavillóns de aulas, con orientación este e oeste, (remarcadas algunhas delas na imaxe posterior en cor vermella).



- No que respecta aos ocos, estes teñen dobre ventá. Na súa parte interior mantén a carpintería de madeira antiga, e pola parte exterior se instalaron ventás de aluminio corredías de tres ou catro follas (cunha anchura mínima de 60 cm. por folla). As ventás contan con persianas enrodeladas de PVC entremedias de ambas carpinterías.



Ventá exterior  
de aluminio



Ventá interior  
de madeira

- Como excepción teríamos as fachadas norte e sur, nas zonas dos aseos, os cales so contan con ventás de dúas follas corredías e altura máis escasa.



Arriba: Fachada Sur do edificio de Primaria A



Á esquerda: Fachada Norte do edificio de Primaria A




- A construción do edificio **de Educación Primaria B** é de planta baixa. No mesmo atopamos as aulas dos cursos de primeiro e varias aulas de usos comúns. Ademais, conta con un local técnico no que se atopa a caldeira, e que conta con entrada independente.



A construción do edificio é de tipo modular a partir dun corredor central do que van partindo as diferentes aulas. Dito distribuidor está realizado mediante cerramentos de aluminio e cristal.

Respecto á distribución de ocios na fachada, cómpre realizar as seguintes apreciacións:

- As fachadas do distribuidor central (sinaladas en laranxa) están cubertas por cerramentos de aluminio e vidro dende chan ata teito, maioritariamente con elementos fixos, salvo algunha fiestra abatible de unha folla repartidas no espazo.



- No que respecta aos módulos das aulas, teñen un cerramento similar (remarcado en azul), máis neste caso si contan con saídas directas cara o exterior mediante portas corredías de cristal con unha anchura de 2,30 metros.
- O **patio cuberto** é unha edificación de planta baixa que conta con un almacén e con dous aseos. Está construído con bloques de formigón sen revestir.




Os muros este e sur do patio cuberto, están contra os do edificio A (sinalados en negro na imaxe). O patio cuberto conta con saídas cara a un espazo interior que queda entre ditas edificacións (frechas vermellas) e con saídas nos outros laterais, mediante portalóns corredíos, directas cara aos patios exteriores do centro (marcados con frechas verdes).







- O **pavillón** é un edificio independente que consta con unha pista polideportiva e gradas en un dos seus laterais.



A edificación conta con un anexo no que atopamos os vestiarios e un almacén. O referido anexo está construído a partir de un distribuidor lateral cuxo cerramento está realizado a partir de aluminio e vidro.

Todo o recinto que acolle o conxunto de edificacións destinadas aos niveis educativos de primaria está pechado na súa totalidade, ben con muro de bloque prefabricado ou ben con elementos metálicos, como é o caso dun dos laterais que da ao IES Francisco Aguiar e do lateral do Camiño do Carregal, cuxo peche é de malla metálica.

### Usos do CEIP Francisco Vales Villamarín

Tendo en conta o ano de construción dos diferentes edificios que conforman o conxunto, para establecer os usos dos mesmos, teremos en conta só a modo de referencia, os criterios definidos no CTE-DB-SI, e identificaremos os seguintes usos principais:

Uso CEIP Francisco Vales Villamarín
Docente
Pública concorrencia
Administrativo

A efectos de identificación dos espazos, diferenciaremos as seguintes zonas:

Edificio	Planta	Local	Uso
<b>Educación Primaria A</b>	<b>Baixa</b>	Vestíbulo	Pública concorrencia
		Conserxería	Administrativo
		Arquivo	Almacén
		Aula de usos múltiples	Pública concorrencia / Docente
		Cociña	Zona de servizo
		Comedor	Pública concorrencia
		Almacén cociña	Almacén
		Aula música	Docente
		Aula informática	Docente
		Vivenda do conserxe	Residencial vivenda
		Aula Plástica	Docente
		Aula inglés	Docente
		Aula relixión	Docente
		Aula educación física	Docente
	Aulas (6)	Docente	
	<b>Primeira</b>	Sala de mestres	Administrativo
		Dirección	Administrativo
		Aula de informática	Docente
		Aulas (11)	Docente
	<b>Segunda</b>	Biblioteca	Docente
		Aula de Inglés	Docente
		Aulas (11)	Docente

Edificio	Planta	Local	Uso
Educación Primaria B	Baixa	Vestíbulo	Pública concorrencia
		Conserxería	Administrativo
		Orientación	Docente
		Almacén	Almacén
		Audición e linguaxe	Docente
		Pedagogía Terapéutica	Docente
		Aula de inglés	Docente
		Aula de usos múltiples	Pública concorrencia / Docente
		Aulas (5)	Docente
		Sala da caldeira	Local técnico
Patio cuberto	Baixa	Patio	Pública concorrencia / Docente
		Almacén	Almacén
Pavillón	Baixa	Pista polideportiva	Pública concorrencia / Docente
		Almacén	Almacén
		Vestiaros (3)	Aseos
		Local técnico	Local técnico

### 2.3. Clasificación e descrición dos usuarios e usuarias

Os usuarios e usuarias ás que as medidas incluídas neste Plan van dirixidas, se clasifican en catro grupos,

- Os **traballadores e traballadoras das instalacións dedicadas aos ciclos de educación primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín**, que podemos dividir en:
  - Docentes e equipo directivo
    - Director/a
    - Secretario/a
    - Xefe/a de Estudos
    - Profesorado (50 no centro de Educación Primaria)
  - Outros traballadores,
    - 1 Administrativo
    - 1 Conserxe
    - 14 Traballadores de comedor
    - 5 Traballadores de limpeza
    - 1 Coidadores

- **Alumnos e alumnas do CEP Francisco Vales Villamarín.** Inclúense neste grupo a todas aquelas persoas que acoden ás dependencias e locais a realizar a súa formación e que durante certo intervalo de tempo forman parte da ocupación do edificio (sen dúbida é o groso de persoas máis alto de ocupación do edificio e non forman parte operativa do plan de autoprotección).
- **Monitores e monitoras** colaboradoras nas actividades extraescolares: inclúense nesta categoría aquel persoal que colabora no desenvolvemento das actividades organizadas e que se desenvolven en horario extraescolar. Estas actividades son de diversos tipos e, atendendo a esta diversidade, poden desenvolverse en espazos diferentes.
- **Visitantes:** Inclúense neste grupo a todas aquelas persoas que esporadicamente acoden ás dependencias e locais a realizar diversas xestións e que durante certo intervalo de tempo forman parte da ocupación do edificio.
- **Operarios concorrentes:** Inclúense neste grupo a todos os operarios pertencentes a outros edificios ou actividades, pero que realizan funcións de xestión, administración, seguridade, limpeza e mantemento das diferentes instalacións, redes, máquinas e equipos de que está dotado o centro. Trátase de persoal non pertencente ao persoal do centro, pero que poden prestar servizos durante un período de tempo máis ou menos duradeiro e as súas actuacións son concorrentes coas propias da actividade desenvolvida neste inmovible.

## 2.4. Descrición do entorno

### 2.4.1. Descrición do entorno urbano

O CEP *Francisco Vales Villamarín* está situado nas aforas do núcleo urbano do concello de Betanzos, nunha zona escolar á beira da estrada Nacional VI, na cal tamén están o IES As Mariñas, o IES Francisco Aguiar, o centro de educación infantil do propio CEIP Francisco Vales Villamarín e unha gardería da Xunta de Galicia denominada "Galiña azul".

Esta zona escolar sitúase á uns 10 minutos a pé do núcleo urbano de Betanzos, antes de cruzar o río Mendo, e preto dunha pequena zona industrial e da vía ferroviaria.

Tal e como xa indicamos antes, os límites do CEP Francisco Vales Villamarín son os seguintes:

- norte: IES Francisco Aguiar e Camiño do Carregal
- este: espazo baldío no que se acumulan vehículos desgonzados e/ou restos deles correspondentes as naves industriais e talleres de reparación próximas.
- Sur: instalacións correspondentes a unha panificadora e predio particular.




- oeste: rúas Camiño do Carregal xunto coa Av. Fraga Iribarne, masa forestal, edificios de vivendas, taller de chapa e naves abandonadas.



- 1 Río Mendo
- 2 Vivendas
- 3 Naves industriais
- 4 Naves industriais abandonadas
- 5 Taller de automóviles
- 6 Vía ferroviaria
- 7 Masa forestal
- 8 IES Francisco Aguiar
- 9 Panificadora
- 10 Centro de Saúde
- 11 Parque Bombeiros forestais
- 12 Piscina e instalacións deportivas municipais
- 13 Gardería "Galiña Azul"
- 14 IES As Mariñas

#### 2.4.2. Edificios, instalación os espazos singulares en un radio de 100 e 200 metros

Detallamos a continuación algúns dos edificios, instalacións ou espazos máis singulares situados en un radio de 100 metros que, polas súas especiais características, considera necesario mencionar no Plan de Autoprotección.



Id.	≥100 metros
1	Centros educativos
2	Empresas e industrias polígono
3	Vivendas
4	Panificadora
5	Parque de Bombeiros forestais
6	Piscinas e instalacións deportivas municipais
7	Centro de saúde
8	Masa forestal
-	Estradas (N-VI, Av. Fraga Iribarne e Cño. Do Carregal)

Ademais das instalacións e espazos sinalados, cómpre sinalar tamén a proximidade do río Mendo,



así coma da estación de tren e do río Mandeo.

É necesario ter en conta a existencia de ditas edificacións debido ao seu posible impacto no Plan de Autoprotección do centro. Esta situación obriga á necesidade de establecer canles de comunicación entre o centro e os titulares das edificacións próximas no caso de ocorrer unha emerxencia. Falamos neste caso tanto dos outros centros educativos como das empresas e industrias do polígono. Especialmente no caso destas últimas, e co obxectivo de integrar actuacións derivadas de un emerxencia nos mesmos, sería recomendable establecer un protocolo de aviso de exercicios ou situacións de emerxencia reais.

Asemade, é necesario sinalar a proximidade ao centro de vías polas que transitan vehículos pesados e de mercadorías perigosas, como é o caso da Nacional IV. Isto implica a necesidade de contemplar a posibilidade de accidentes na mesma, e por tanto ter en conta o disposto no Plan de Emerxencia por Accidente no Transporte de Mercadorías Perigosas da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan TRANSGAL), así como establecer protocolos de comunicación con o sistema público de protección civil.

## 2.5. Descrición dos accesos, condicións de accesibilidade da axuda externa

A seguir analizaremos os accesos peonís e dos vehículos de emerxencia ao CEP Francisco Vales Villamarín. Os puntos de acceso ás instalacións do Centro, para recibir axuda externa, encóntranse localizados todos no Camiño do Carregal. Os puntos de accesos serían os seguintes:

- **Accesos peonís ao recinto.** Conta con:

Accesos ao recinto	Características	Dimensións
Acceso 1	·Entrada para vehículos ·Portal de dúas follas	2,5 / 5 m
Acceso 2	·Entrada para peóns ·Portal de dúas follas	1,1 / 2,2 m
Acceso 3	·Entrada para peóns ·Portal dunha folla con apertura automática	2 m
Acceso 4	·Entrada para vehículos ·Portal de dúas follas	1,8 / 3,6 m

- **Accesos peonís aos edificios.** Conta con:

Edificio	Acceso ao edificio	Características	Dimensións
<b>Edificio Primaria A</b>	Acceso 1	·Entrada principal ao edificio ·Da acceso ao pórche ·Dúas portas de dobre folla	0,85 /1,70 m
	Acceso 2	·Entrada secundaria ·Da acceso ao distribuidor desde o patio cuberto ·Porta de dobre folla	0,90 / 1,80 m
	Acceso 3	·Entrada secundaria ·Da acceso distribuidor desde o patio cuberto ·Porta de dobre folla	0,90 / 1,80 m
	Acceso 4	·Entrada secundaria ·Da acceso ao comedor	0,80 m
	Acceso 5	·Entrada secundaria ·Da acceso ao edificio desde a fachada traseira ·Porta de dobre folla	1 / 2 m
<b>Edificio Primaria B</b>	Acceso 1	·Entrada principal ·Da acceso ao vestíbulo do centro ·Porta de dobre folla	1 / 2 m
	Acceso 2	·Entrada secundaria ·Da acceso ao distribuidor	1 m
	Acceso 3	·Entrada secundaria ·Da acceso ao distribuidor	1 m
	Acceso 4	·Entrada secundaria ·Da acceso ao distribuidor	1 m
Ademais, todas as aulas e estancias comúns contan con portas corredías de cristal de 2,30 m de anchura (1,15 de anchura efectiva)			
<b>Patio Cuberto</b>	Acceso 1	·Dúas follas corredías	0,85 /1,70 m
	Acceso 2	·Dúas follas corredías	0,85 /1,70 m
	Acceso 3	·Dúas follas corredías	0,85 /1,70 m
	Acceso 4	·Dúas follas corredías	0,85 /1,70 m
	Acceso 5	·Portal corredeiro	3,50 m
<b>Pavillón</b>	Acceso 1	·Entrada principal ·Da acceso ao vestíbulo ·Dúas follas	1,40 /2,80 m
	Acceso 2	·Entrada secundaria ·Da acceso á pista polideportiva ·Dúas follas	1,10 /2,20 m
	Acceso 3	·Entrada secundaria ·Da acceso ao distribuidor da zona de vestiarios	1 / 2 m



Edificio	Acceso ao edificio	Características	Dimensións
		·Dúas follas	


▪ **Accesos vehículos de emerxencia**

- No caso do **Servizo de Prevención de Incendios**, o parque comarcal asignado é o SPEIS de Betanzos. O acceso mais recomendable para os vehículos do servizo sería pola AC-542 e despois pola Avenida Fraga Iribarne.
- No caso do **061**, o Centro de Saúde atópase a escasos 500 m do centro, na Avenida do Carregal.

Servizo	Distancia	Tempo de chegada
<b>Servizo de Extinción de Incendios</b>	4,2 km.	8 min.
<b>061</b>	500 m.	2 min.

**2.6. Condicións de aproximación e entorno para os servizos de extinción de incendios**

Os accesos ao centro están situados no Camiño do Carregal. A vía conta con carril nunha soa direccións de uns 3,5m., ademais de beirarrúa e aparcadoiro en liña.



		Norma	CEIP Francisco Vales Villamarín
Anchura mínima libre		3,50 m	Maior
Altura mínima libre		4,50 m	Maior
Capacidade portante da vía		20 kN/m <sup>2</sup>	20 kN/m <sup>2</sup>
Tramos curvos	Radio interior	5,30 m	Maior
	Radio exterior	12,50 m	Maior
	Anchura libre de circulación	7,20 m	Maior

**Número de fachadas accesibles aos vehículos de emerxencias**

Segundo o CTE, definimos fachada accesible, como *aquela que dispón de ocos que permitan o acceso dende o exterior aos servizos de extinción de incendios.*

No caso que nos ocupa, e tendo en conta as datas de construción dos edificios, non lle serían exixibles as condicións específicas de dimensións e maniobrabilidade das zonas de paso marcadas polo CTE, e nin sequera nalgún dos edificios a NBE-CPI/81, xa que algúns dos edificios son anteriores a 1981.

Con todo, e en prol da seguridade dos ocupantes e do centro, consideramos necesario que se cumpran unhas condicións mínimas de aproximación e identificaremos aqueles accesos que poidan ser utilizados polos servizos de emerxencia.

O recinto do CEP Francisco Vales Villamarín está pechado ao longo do seu perímetro.

Hai que ter en conta que a fachada A é a principal e o resto seguen o sentido das agullas dun reloxo en tódolos edificios.

Debido á configuración do mesmo e aos patios que o rodean, non todas as fachadas resultan accesibles, de xeito que:

- No edificio de Educación Primaria A (1), son accesibles todas as fachadas salvo as colindantes co patio cuberto (3).
- No edificio de Educación Primaria B (2), unicamente son accesibles a fachada A e parte da fachada B.
- No patio cuberto (3) sería totalmente accesible só a fachada C, e de xeito parcial a D.
- No pavillón, unicamente son accesibles as fachadas A e B.





Imaxe das fachadas A, correspondente coas fachadas principais:



## Capítulo 3.

### **Inventario, análise e avaliación de riscos**

Desde este capítulo do Plan, descríbese e localiza os elementos, instalacións ou actividades que dan orixe a unha situación de emerxencia.

Ademais dos riscos propios da actividade e do espazo no que se desenvolve, analízanse e avalíanse os riscos externos.

Inclúense os esbozo de localización de elementos e instalacións de risco, que complementarán os planos incluídos nos Anexos.

### **Contidos**

**3.1. Descrición e localización dos elementos e instalacións que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia**

**3.2. Identificación, análise e avaliación de riscos propios e dos riscos externos que poidan afectarlle**

**3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectadas pola actividade como alleas á mesma, mais que poidan verse afectadas pola mesma**

### **PLANOS**


**Plano da situación dos recintos de risco (en Anexo V)**

## CAPÍTULO 3. Inventario, análise e avaliación de riscos

### 3.1. Descrición e localización dos elementos e instalacións que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia

Descríbense neste apartado os elementos que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma e que concorren pola organización do analizado, ademais das instalacións xerais do centro. Tanto a información indicada como a localización das chaves de corte da electricidade e gasóleo se realizou **en base á información facilitada polo persoal do centro.**

#### 3.1.1. Instalacións xerais do CEIP Francisco Vales Villamarín

Instalación	Características e situación
<b>Electricidade</b>	<p>De baixa tensión e revisada no ano 2019. No interior do recinto, ao carón do acceso principal do edificio A, atópase un grupo electrógeno de reserva. Non se aporta información da tipoloxía nin da potencia.</p>  <p>Situación dos cadros eléctricos do <b>edificio A</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cadro principal situado en armario no vestíbulo principal</li> <li>- Cadros secundarios: sala de arquivo, distribuidor aulas, distribuidor aulas, cociña (2), aula de música, distribuidor aulas primeira planta, distribuidor aulas segunda planta.</li> </ul> <p>Situación dos cadros eléctricos do <b>edificio B</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cadro principal en armario situado en fronte ao almacén</li> </ul> <p>Situación dos cadros eléctricos do <b>pavillón</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cadro eléctrico situado en distribuidor fronte a vestiarios</li> </ul> <p>Situación dos cadros eléctricos do <b>patio cuberto</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cadro eléctrico situado na parede, xunto ao almacén</li> </ul>
<b>Ascensores</b>	<p>No edificio de educación primaria A, o cal conta con 2 ascensores. Conta con dous locais de maquinaria, un para cada ascensor, con acceso desde o exterior do centro.</p>
<b>Telefonía</b>	Sen características a destacar
<b>Seguridade</b>	-

Instalación		Características e situación
Calefacción	Combustible	gasóleo
	Caldeira	No edificio A: conta con local técnico para a caldeira, con entrada independente desde o exterior. No edificio B: conta con local técnico para a caldeira, con entrada independente desde o exterior
	Depósitos	Edificio primaria A: Depósito soterrado de 10.000 litros, situado no lateral do corredor que comunica o edificio principal co patio cuberto. Edificio primaria B: Depósito de 2.000 litros anexo á caldeira.
Fontanería e ACS		Sen características a destacar No tellado dos anexos do pavillón, cóntase con varias placas solares térmicas para apoio á instalación de ACS.
Saneamento		Sen características a destacar

### 3.1.2. Situación das chaves de corte xerais

Instalación	Situación
Auga	Exterior do centro. Xunto ao portal para vehículos
Electricidade	Edificio A: Cadro principal, situado en armario no vestíbulo de entrada. Edificio B: Cadro principal, situado en armario fronte ao almacén.

### 3.1.3. Instalacións de risco

Descríbense neste apartado os elementos, instalacións, procesos... etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

A efectos do Plan de Autoprotección, consideraremos a actividade educativa como unha actividade de risco baixo en todo caso, tendo en conta o risco de accidente presente na manipulación de diferentes instrumentos e ferramentas, nos desprazamentos entre as aulas, nas actividades deportivas, etcétera.

Respecto aos locais de risco, o Código Técnico da Edificación identifica e clasifica os locais e zonas de risco especial integrados en edificios conforme aos graos de risco alto, medio e baixo en función do tipo de local e da superficie ou volume construído.



Aplicando o referido criterio o centro Francisco Vales Villamarín, obtemos a seguinte identificación,

Edificio	Planta	Local ou actividade de risco	Id.	Nivel de risco
Edificio A	Baixa	Grupo electróxico	1	Baixo
		Armario cadro eléctrico	2	Baixo
		Aula informática	3	Baixo
		Cociña e dependencias anexas (1)	4	Baixo
		Arquivo	5	Baixo
		Locais maquinaria ascensores	6	Baixo
		Local caldeira (2)	7	Alto
		Vivenda conserxe	8	Baixo
	Primeira	Aula informática	9	Baixo
	Segunda	Biblioteca	10	Baixo
Edificio B	Baixa	Sala Caldeira (2)	11	Alto
		Almacén	12	Baixo
		Armario cadro eléctrico	13	Baixo
Pavillón	Baixa	Local técnico	14	Baixo
		Almacén	17	Baixo


- (1) Actualmente se conta con servizo de catering, polo que as instalacións da cociña están sen uso.  
 (2) A falta de documentación da potencia da caldeira, se sobredimensiona o risco desta instalación.

No que respecta aos depósitos, e a falta de documentación nin proxecto técnico dos mesmos que nos indique a normativa pola que se rexeu a súa legalización, a súa categorización como local de risco, será a seguinte:


Edificio	Local ou actividade de risco	Capacidade (litros)	Id.	Nivel de risco
Edificio B	Depósito de gasóleo aéreo na sala de caldeira.	2.000	11	Medio
Edificio A	Depósito de gasóleo soterrado no recinto exterior do edificio de primaria B, no lateral norte de dito edificio, ao carón da sala da caldeira.	10.000	16	Medio




- Edificio A, planta baixa




- Edificio Primaria A, primeira planta




- Edificio Primaria A, segunda planta



- Edificio Primaria B



▪ Pavillón



**3.2. Identificación, análise e avaliación de riscos propios e dos riscos externos que poidan afectarlle**

Para determinar o nivel de riscos consideraranse dous factores:

A **probabilidade** de que se materialice un evento.

As **consecuencias** do mesmo.

A **probabilidade** de que se materialice un evento pode ser:

**Frecuente:** ocorre continuamente.

**Probable:** ocorre varias veces na vida do sistema.

**Ocasional:** ocorre algunha vez na vida do sistema.

**Remota:** improbable, pero podería ocorrer na vida dos sistema.

**Improbable:** é moi improbable, polo que pode que non se produza nunca.

As **consecuencias** da súa materialización pódense clasificar en:

**Catastrófico:** morte ou perda da instalación.

**Maior:** danos severos en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.

**Menor:** danos menores en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.

**Desprezable:** danos mínimos en persoais ou instalacións.

Con o cal, o criterio par definir o nivel de risco dun evento en función da probabilidade de que ocorra, e das consecuencias que tería é o seguinte:

Probabilidade	Consecuencias			
	Catastrófico	Maior	Menor	Desprezable
Frecuente	A	A	A	C
Probable	A	A	B	C
Ocasional	A	B	B	D
Remota	A	B	C	D
Improbable	B	C	C	D

Sendo:

Nivel de risco	Significado	Consecuencias
A	Intolerable	A instalación non está en condicións de uso seguro. É absolutamente indispensable adoptar medidas de protección adicionais.
B	Intermedio	A instalación se pode usar, pero se deben adoptar medidas de protección adicionais.
C	Intermedio	A instalación se pode usar, pero sería aconsellable a adopción de medidas de protección adicionais.

Nivel de risco	Significado	Consecuencias
D	Tolerable	Non é necesario adoptar medidas adicionais.

### 3.2.1. Análise e avaliación dos riscos propios da actividade

Tendo en conta os parámetros sinalados anteriormente para a avaliación de riscos:

Instalación ou actividade	Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel de risco
<b>Actividade docente e asistencial</b>	<b>Incendio</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Accidente individual</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
	<b>Accidente colectivo</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Emerxencia sanitaria</b>	Probable	Maior	<b>A</b>
<b>Cadros eléctricos e ascensores</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Risco eléctrico</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Fallo de subministro eléctrico</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
<b>Cociña e dependencias anexas</b>	<b>Incendio</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Intoxicación alimentaria</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Accidente individual</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
<b>Aula informática</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Dependencias administrativas e arquivo</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Biblioteca</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Almacéns</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Salas de caldeira</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Catastrófico	<b>B</b>
<b>Depósitos de gasóleo</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Catastrófico	<b>B</b>
	<b>Contaminación ambiental</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
<b>Conxunto do CEIP</b>	<b>Derrube dun edificio</b>	Improbable	Catastrófico	<b>B</b>

A maioría dos riscos son de nivel B e C, o que obriga a adoptar medidas de protección adicionais, máis non excepcionais, coma é no caso dos de nivel A. Neste último caso, será necesario realizar a correspondente comunicación ás Autoridades Competentes e estar ao que dispoñan.

### 3.2.2. Análise e avaliación dos riscos externos

Os plans de protección civil identifican, analizan e avalían de forma exhaustiva os riscos presentes no territorio da nosa Comunidade.

No que se refire a súa cuantificación, ditos plans utilizan os seguintes criterios:

Cuantificación	Actuación
<b>Baixo</b>	<u>De xestión autónoma</u> . Os medios presentes son suficientes para afrontalos. Non é necesario decretar unha emerxencia.
<b>Medio</b>	<u>Analizado polos Plans</u> . Non será necesaria a realización de un estudio exhaustivo.
<b>Alto</b>	Precísase de un <u>Plan Específico</u> para aborda-lo.

Para coñecer os principais riscos que afectan ao concello de Betanzos, e tendo en conta que dito concello carece de Plan de Emerxencias Municipal, recorreremos ao Plan territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) que, no seu anexo II, recolle unha análise de riscos por concello e determina un risco potencial de emerxencia para cada un deles.

No caso de Betanzos, temos os seguintes valores,

<b>Risco estatístico</b>	Frecuencia	Moi alto
	Causalidade	Moi alto
	Risco estatístico	Moi alto
<b>Vulnerabilidade</b>	Poboación	13.059 hab.
	Vulnerabilidade poboacional	Alto
<b>Índice derivado dos riscos especiais</b>	Risco químico	Sen risco
	Mercadorías perigosas	Moderado
	Sismos	Baixo
	Incendios forestais	Baixo
	Inundacións	Moderado
	Nevaradas	Baixo



	Temporais	Alto
	Sapraga	Sen risco
	Risco especial	Baixo
<b>RISCO POTENCIAL DE EMERXENCIA</b>		<b>ALTO</b>

Polo tanto, nos principais riscos externos que lle poden afectar ao CEP Francisco Vales Villamarín, recollemos os seguintes:

Risco	Cuantificación
<b>Temporais (estacional)</b>	ALTO
<b>Transporte de mercadorías perigosas</b>	MODERADO
<b>Inundacións</b>	MODERADO

A existencia de niveis de risco altos e moderados indica que é necesario un plan específico para abordalos.

Respecto ao risco por temporais, temos o *Plan de Protección Civil ante o Risco por Temporais en Galicia*, concibido como un instrumento de carácter técnico que comprende un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúe o sistema e dispositivo de resposta da administración fronte a unha situación de emerxencia de temporais de ventos en terra.


No segundo caso é de aplicación o *Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por accidentes no Transporte de Mercadorías Perigosas por estrada e Ferrocarril en Galicia* (PLAN TRANSGAL) como Plan director da planificación territorial de ámbito inferior que se elabore en Galicia ante este risco. No mesmo se establecen tanto as funcións básicas como o contido mínimo dos plans de actuación municipal ante este risco e se define o marco organizativo xeral que posibilita a plena integración dos mesmos no plan especial.

No referente ás inundacións, o Concello de Betanzos conta con un Plan de Actuación Municipal fronte inundacións, o cal deberá ser tido en conta en caso de que aconteza algún suceso desta índole. Tamén neste ámbito teremos o *Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Inundacións en Galicia* (INUNGAL), que considera ámbalas marxes do curso baixo do Mandeo, como unha zona de risco alto excepcional, referíndose con este concepto a aquelas zonas nas que as enchentes producirían graves danos a núcleos de poboación con instalacións comerciais e servizos básicos.

#### Incendio depósito gasóleo IES FRANCISCO AGUIAR

Hai un tramo no que o valado do *IES FRANCISCO AGUIAR* é común ao do *CEIP Francisco Vales Villamarín*, e próximo a este muro, na zona da entrada peonil do Camiño do Carregal, e á súa vez, preto da sala de caldeira e depósito do *CEIP*, atopamos un depósito de gasóleo soterrado para

abastecemento do IES, o cal non conta con sistema de venteo. Haberá que ter en conta esta circunstancia, á hora de establecer os puntos de encontro, pois un incendio no depósito do IES *Francisco Aguiar*, tamén afectaría ao *CEP Francisco Vales Villamarín*, dada a proximidade de ambos centros.



**Arqueta depósito de gasóleo soterrado do IES Fco. Aguiar**



Por isto, cualificamos o tipo e nivel de risco dun xeito similar ao dos depósitos de gasóleo do CEIP.

### 3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas

Atendendo á clasificación e descrición dos usuarios das actividades obxecto do presente Plan de Autoprotección contidas no apartado 2.3, identificabamos cinco tipos de persoas. Atendendo ao seu grao de coñecemento e responsabilidade no Plan,

- Os traballadores e traballadoras habituais
  - Docentes. Nivel de responsabilidade superior por causa do seu coñecemento do medio e responsabilidade con o alumnado que está ao seu cargo.
  - Outros traballadores. Diferentes niveis de responsabilidade dependendo do seu horario laboral e permanencia no centro. A pesar de non ter alumnado baixo o seu cargo, contan en xeral con responsabilidades no Plan.
- Alumnos e alumnas
  - Colectivo máis afectado en caso de emerxencia. O Plan debe incluír liñas de intervención que os dote de competencias para actuar en caso de accidente.
- Monitores e monitoras colaboradoras en actividades extraescolares
  - Responsabilidade similar aos docentes en canto contan con alumnado ao seu cargo. Deben coñecer o Plan e contar con a capacitación necesaria para actuar en caso de emerxencia.

- Visitantes
  - Son aqueles que permanecen no centro durante un período corto de tempo e con o acceso restrinxido a determinados factores de risco. Neste grupo incluiremos aos familiares dos usuarios.
  
- Operarios concorrentes
  - Persoal que presta servizo a través das administracións con responsabilidade no mantemento do centro ou pertencen a empresas subcontractadas e teñen acceso unicamente ás áreas reservadas ao traballo. Non teñen responsabilidades no Plan, pero en caso de emerxencia deben deixar o traballo que estaban realizando nunha situación segura (maquinaria eléctrica desconectada e zona libre de obstáculos ou, cando menos, sinalizada).

### **Identificación das persoas que acceden ás instalacións**

Con o obxectivo dunha óptima organización da prevención e control de emerxencias e, tamén, do cumprimento das obrigas relativas á prevención de riscos laborais no referido a traballadores e traballadoras que accedan ao recinto, achegamos a seguinte clasificación e tipo de acceso.

Clasificación	Tipo de acceso	Requirimentos
Docentes e outros	Habitual	-Asistencia a sesións de formación e capacitación -Información riscos e medidas
Monitores/as	Habitual	- Acceso restrinxido - Información riscos e medidas
Operarios concorrentes	Extraordinaria	-Información riscos e medidas -Acceso restrinxido
Visitantes	Extraordinaria	-Acceso restrinxido

### **Ocupación habitual do centro**

No momento de elaboración do Plan, a ocupación total do centro de Educación Primaria do CEIP é a seguinte,

Docentes	Outros traballadores/as	Alumnado
50	22	695

Nota: Fora do horario lectivo, só está ocupada a vivenda do conserxe, e o pavillón ou aquelas aulas nas que se levan a cabo as actividades extraescolares.



Respecto á ocupación habitual do centro, entendemos que a capacidade de evacuación dos alumnos e alumnas das aulas non se vai a ver comprometida en ningún momento debido ás características da actividade que se desenvolve nun centro docente, empezando pola consideración do cociente mestre-alumno establecido pola súa normativa de aplicación.

Non obstante é necesario ter en conta a posibilidade de que en determinadas actividades se xunten máis de dous cursos nunha mesma aula. Por iso, incluímos neste apartado unhas recomendacións ao respecto da ocupación máxima do centro, utilizando como referencia os criterios do código técnico da edificación.

En primeiro lugar, non superar as densidades de ocupación descritas no seguinte cadro:

<b>Densidades de ocupación (Uso docente)</b>	
<b>Zona ou tipo de actividade</b>	<b>Ocupación (m<sup>2</sup>/persoa)</b>
Aulas	1,5
salas de lectura de bibliotecas	2
Locais diferentes de aulas como laboratorios, talleres, ximnasios, salas de debuxo, etc.	5
Conxunto da planta ou do edificio	10

En segundo lugar, ademais de ter a precaución de non superar a densidade de ocupación do espazo, é necesario asegurar a capacidade de evacuación do mesmo, tendo en conta as saídas existentes (a consideración de "saída" refírese tanto á saída de recinto, como á saída de planta, como a unha saída do edificio, ao exterior).

<b>Uso docente</b>	
<b>Número de saídas existentes</b>	<b>Condições</b>

<p>Recintos que poden dispoñer dunha <b>única saída</b></p> <p>(débense cumprir todas as condicións, senón será preciso que o recinto conte con saídas adicionais)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Se a ocupación non excede de 50 persoas en escolas infantís ou de ensinanza primaria ou secundaria, e</li> <li>- non existan recorridos para máis de 50 persoas que precisen salvar, en sentido ascendente, unha altura de evacuación maior que 2 m., e</li> <li>- que o recorrido de evacuación ata a saída sexa inferior a 25 m, coas excepcións seguintes:             <ul style="list-style-type: none"> <li>o Inferior a 50 m cando a ocupación sexa menor que 25 persoas e a saída comunique directamente co espazo exterior seguro.</li> <li>o Inferior a 35 m en uso aparcamento</li> </ul> </li> <li>- que, en calquera caso, ademais de cumprir as condicións anteriores, a altura de evacuación do edificio sexa inferior a 28 m.</li> </ul>
--	--

NOTA: A modo de exemplo, se temos unha aula cunha superficie de 50 m<sup>2</sup> e unha única porta de saída, polo criterio de densidade podería ter unha ocupación de ata 100 persoas, pero como soamente conta con unha saída o máximo de persoas que podería haber na mesma son 50 (tal e como indica a segunda táboa deste apartado).

### **Ocupación máxima do centro**

Ademais da ocupación habitual, existen espazos concretos que, ao acoller actividades que entendermos extraordinarias, debemos avaliar para comprobar as capacidades máximas de evacuación en condicións seguras.

Recinto	Superficie útil	Densidade (m <sup>2</sup> /persoas)	Ocupación* (persoas)
Aula de usos múltiples Edificio A	90 m <sup>2</sup>	0,5 <sup>1</sup>	180 persoas
Patio exterior cuberto	500 m <sup>2</sup>	0,5 <sup>1</sup>	1000 persoas
Pavillón	1000 m <sup>2</sup>	0,5 <sup>1</sup>	2000 persoas

(1) Aplicamos a densidade para público de pé en espazos de pública concorrencia

\* Nótese que os **valores de ocupación aquí obtidos son xenéricos**, máis estes en todo caso, sempre estarán **limitados polas restricións derivadas da normativa** de referencia no que **respecta á capacidade de evacuación das saídas e ás lonxitudes máximas dos percorridos** de evacuación, así como á necesidade de cumprir a hipótese de bloqueo, de ser o caso. No **capítulo 4** relacionaremos a ocupación máxima dos referidos espazos coa capacidade de evacuación das saídas.

## Capítulo 4.

### **Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección**

Contémplanse neste capítulo aqueles medios humanos e materiais dos que o evento está dotado para controlar os riscos detectados, enfrontar situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos equipos de emerxencia designados e dos Servizos Públicos de Emerxencias.

A organización dos medios e medidas de autoprotección teñen como obxectivo dar unha resposta a cada un dos riscos identificados no Capítulo 3.

#### **Contidos**

##### **4.1. Cadro resumo dos medios propostos**

##### **4.2. Medios humanos**

##### **4.3. Medios técnicos**

##### **4.4. Medios sanitarios**

##### **4.5. Medios de evacuación**

##### **4.6. Posto de mando**

##### **4.7. Punto de encontro e espazo exterior seguro**

## Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección

### 4.1. Cadro resumo das medidas e medios propostos

Risco	Medidas preventivas e propostas de mellora
Accidente Individual e colectivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Acceso restrinxido aos puntos de risco.</b></li> <li>· <b>Caixas de urxencias</b> distribuídas ao longo das instalacións, as cales deberán estar sinalizadas mediante sinal normalizado, e o seu contido será revisado periodicamente.</li> <li>· Tendo en conta o número de traballadores do centro (e o elevado nº de alumnos/as), e en base ao RD 485/1997 sobre seguridade e saúde nos centros de traballo, se recomenda que o centro habilite un local destinado única e exclusivamente a albergar unha sala de enfermería, equipada cunha caixa de urxencias, unha padiola e un punto de auga potable. Esta sala debería permitir un fácil acceso aos servizos de emerxencias, en especial, o acceso dunha padiola con rodas.</li> <li>· <b>Medios humanos designados e con formación en primeiros auxilios.</b></li> <li>· Os elementos deportivos usados no pavillón e nas pistas polideportivas, como son <b>canastras e porterías, deben estar ancorados</b>, p.e. estar tomados, ter ancoraxes ou pesos axeitados, que impidan o seu envorco, e que serán revisados periodicamente para verificar a súa seguranza, e os elementos de xogo situados no patio exterior, <b>deben ser conformes coa normativa de referencia de elementos de xogo de parques infantil, Decreto 245/2003 de Galicia</b>, e serán revisados periodicamente para verificar a súa seguranza.</li> <li>· Aínda que o habitual e realizar prácticas sen riscos, dependendo do tipo de actividades e materiais usados nos laboratorios e aulas de tecnoloxías, usaranse EPIs se fose necesario.</li> </ul>
Explosión	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Acceso restrinxido aos puntos de risco</b> só ao persoal autorizado.</li> <li>· Dispor da certificación de que as <b>caldeiras cumbran coa normativa vixente</b> correspondente e pasan as revisións periódicas correspondentes, por un OCA. Levarase rexistro das operacións de mantemento que se realicen.</li> <li>· Dispor dos sinais de "<b>prohibido fumar, acercar lapas ou aparatos que produzan chispas</b>", nas proximidades dos depósitos e das caldeiras.</li> <li>· Os depósitos de gasóleo deben contar <b>con sistemas de venteo e de seguridade</b> na descarga, segundo normativa.</li> <li>· <b>Medios técnicos</b> axeitados e acordes as instalacións, riscos e material presente nas mesmas</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Medios humanos</b> designados e formados.</li> </ul>
<b>Risco</b>	<b>Medidas preventivas e propostas de mellora</b>
<b>Incendio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Acceso restrinxido aos puntos de risco</b> ao persoal autorizado.</li> <li>· Os medios de loita contra incendio deben estar acordes as instalacións e material presente nas mesmas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Medios técnicos</b> (actualmente existen extintores portátiles).</li> <li>- <b>Medios humanos</b> designados e formados.</li> </ul> </li> <li>· Os <b>medios técnicos deben pasar as revisións regulamentarias</b> que lles sexa aplicable e nos prazos previstos, segundo o RIPCI, por empresa habilitada segundo o tipo de medio a inspeccionar. Levarase rexistro das operacións de mantemento que realizadas, tanto polo persoal externo como o interno, segundo corresponda.</li> <li>· Manter permanentemente os medios de extinción de incendios <b>libres de obstáculos, ben visibles, accesibles e sinalizados</b>, procurando que non se almacenen obxectos na proximidade que poida dificultar a súa localización.</li> <li>· Manter as <b>saídas e vías de evacuación permanentemente practicables, libres de calquera obstáculo ou bloqueadas</b>.</li> <li>· <b>Reforzar a sinalización dos percorridos e das saídas situadas nos percorridos de evacuación.</b></li> <li>· Realizar as revisións, inspeccións e <b>mantemento da instalación eléctrica</b>, segundo o indicado no REBT e levar un libro de rexistro de actuacións realizadas e incidencias.</li> <li>· <b>Verificar periodicamente o funcionamento das proteccións eléctricas.</b></li> <li>· Dispor da certificación de que os <b>ascensores cumbran coa normativa vixente</b> que lle corresponde e pasan as revisións e mantemento periódicos pertinentes.</li> <li>· Os <b>locais técnicos</b> (p.e. zona caldeiras), deben estar <b>libres de calquera almacenamento de materiais combustibles</b> (papeis, palets, madeiras, maquinaria, garrafas de gasolina...). Manter sempre despexado o acceso a estes locais.</li> <li>· Os <b>depósitos</b> de gasóleo deben contar con <b>sistemas de venteo e de seguridade</b> na descarga, segundo normativa.</li> </ul>
<b>Contacto eléctrico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Vixiar que se mantén axeitadamente a <b>sinalización do "risco eléctrico"</b> na tapa dos cadros eléctricos.</li> <li>· <b>As tapas dos cadros eléctricos deben estar sempre pechadas.</b></li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Realizar as revisións, inspeccións e <b>mantemento da instalación eléctrica</b> segundo o REBT e levar un libro de rexistro das actuacións realizadas e incidencias.</li> <li>· <b>Verificar periodicamente o funcionamento das proteccións eléctricas.</b></li> </ul>
--	---

Risco	Medidas preventivas e propostas de mellora
<b>Fallo de subministro eléctrico</b>	· Disponibilidade de técnico electricista autorizado.
<b>Contaminación medioambiental</b>	· <b>Realizar revisións periódicas</b> , para verificar que <b>os depósitos de gasóleo non teñen filtracións.</b>
<b>Derrube dalgún edificio do centro</b>	· Recoméndase que a Xunta de Galicia, como titular do CEIP, realice inspeccións técnicas periódicas dos edificios que constitúen o centro, a partir dos 50 anos, a contar dende a data de construción dos mesmos.
<b>Intoxicación alimentaria</b>	<p>· Os e as traballadores/as de comedor e cociña debe evitar estar en contacto co resto de persoal e coa comida, no caso de ter a sospeita de padecer algunha enfermidade contaxiosa.</p> <p>· <b>Manteranse normas e protocolos de hixiene, segundo a normativa de referencia.</b></p> <p>· Hixiene adecuada das instalacións para evitar contaminacións cruzadas, exposición a alérxenos ou virus e á proliferación de bacterias.</p> <p>· As persoas encargadas da cociña e do comedor escolar deben lavarse ben as mans con xabón desinfectante antes de manipular os alimentos que servirán aos nenos. O secado debe facerse con toallas de papel para desbotar.</p>
<b>Emerxencia sanitaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Medios humanos designados e con formación en primeiros auxilios.</li> <li>· Medios técnicos (EPIs)</li> <li>· No caso de detectar enfermidade contaxiosa nalgún dos ocupantes do centro, avisarase á dirección do centro para que xestione o traslado desas persoas e informe as Autoridades Competentes.</li> <li>· Extremaranse as medidas para evitar outros contaxios e seguiranse os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias ao respecto.</li> </ul>

Ademais das referidas medidas, o CEIP conta co seguinte protocolo:

- Protocolo de emerxencias en excursións

Para complementar estas accións, se deben realizar de xeito periódico (mínimo unha vez ao ano), accións de divulgación dos contidos do plan de autoprotección entre o persoal designado.

## 4.2. Medios humanos

Neste apartado propomos que o persoal designado para actuar en caso de emerxencia se organice partindo da estrutura que mostramos a continuación, e sempre tendo en conta, que poderá sufrir variacións dependendo da dispoñibilidade e número de medios humanos designados e formados que estean presente nas instalacións no momento que se presente a situación de risco,



O/a directora do Plan de Autoprotección manterá actualizada a relación do persoal designado. Esta función recaerá no Director/a do CEIP. É por isto que incluímos un modelo da ficha en branco, a cubrir para cada unha das actividades, de xeito que queden plenamente identificadas as persoas que asumirán os postos nunha posible situación de emerxencia. Se aconsella que nela se relacione o persoal designado nominalmente, tanto no horario lectivo como no horario de actividades extraescolares, e ademais de manter o listado actualizado, exista unha copia en cada edificio.

A continuación propomos de xeito xenérico, atendendo á actividade docente do CEIP Francisco Vales Villamarín, e máis concretamente no referido ao centro de primaria, a respecto da organización idónea dos medios e atendendo a tarefas que, como veremos, pode ser desenvolvidas ao longo da xornada por varias persoas diferentes por causa da rotación do persoal, unha posible designación,

**Horario escolar**

<b>Director/a do Plan de Autoprotección</b>	Alejandro Sánchez Amado Cargo: Director CEIP
---	---

<b>Director/a do Plan de actuación en caso de emerxencia</b>	Alejandro Sánchez Amado Cargo: Director CEP
--	--

<b>Xefe/a de emerxencia</b>	Cargo: Conserxe do CEP
-----------------------------	------------------------

<b>Posto na emerxencia</b>	
<b>EI.</b> Equipo de intervención	Docente en horario libre
<b>EAE.</b> Equipo de Alarma e Evacuación e confinamento	Docente de cada aula
<b>EPA.</b> Equipo de Primeiros Auxilios	Docente en tarefas de coordinación

**Horario extraescolar e de comedor**

A dispoñibilidade de medios é diferente no horario escolar e extraescolar. Atendendo a estas diferencias, a organización da resposta ante a emerxencia será a seguinte:

<b>Director/a do Plan de Autoprotección</b>	Alejandro Sánchez Amado Cargo: Director CEIP
---	---

<b>Xefe/a de Emerxencia</b>	Profesor/a de garda durante as actividades extraescolares ou durante comedor
-----------------------------	--

<b>Posto na emerxencia</b>	
<b>EAE.</b> Equipo de Emerxencia	Monitor/a das actividades extraescolares / Responsables comedor

MEDIOS HUMANOS	
ACTIVIDADE:	Código:
LUGAR:	

Director do Plan de Autoprotección	DPAU	
Director do Plan de Actuación ante emerxencia	DPAE	
Xefe de emerxencia	XE	

Composición dos equipos		
Equipo	Composición	Situación
<b>EI</b> Equipo de Intervención		
<b>EAE</b> Equipo de Alarma e Evacuación e Confinamento		
<b>EPA</b> Equipo de primeiros auxilios		



### 4.3. Medios técnicos

Atendendo aos riscos existentes e derivados da actividade identificados e avaliado no presente Plan de Autoprotección, existen diferentes medios materiais para a súa prevención e xestión da emerxencia que deles se puideran derivar.

#### Medios de extinción de incendios

**Extintores portátiles**, coa seguinte distribución

Edificio	Planta	Local	Unidades	Extintor		
				Tipo	Peso	Eficacia
Edificio A	Baixa	Conserxería	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Cociña	2	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	2	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
	Primeira	Zona administración	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
	Segunda	Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor aulas	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C

Edificio	Planta	Local	Unidades	Extintor		
				Tipo	Peso	Eficacia
Edificio B	Baixa	Distribuidor aulas	6	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Aula música e psicomotricidade	1	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Sala da caldeira	1	Polvo ABC	25 kg	
Pavillón	Baixa	Pista polideportiva	8	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C
		Distribuidor vestiarios	2	Polvo ABC	6 kg	27A 183B C

#### Hidrantes exteriores

Tipo	Distancia	Presión	Comprobación
Hidrante	-	-	-
Boca de rego	-	-	-

**Outros medios de autoprotección:****Sinalización e iluminación de emerxencia**

Os tres edificios analizados no presente plan contan con iluminación de emerxencia. A dotación do centro educativo respecto á sinalización de emerxencia resulta insuficiente, tendo en conta que:

- a maior parte dos medios técnicos de extinción non están sinalizados
- soamente as saídas principais se atopan sinalizadas, cando deberían estar todas as demais, posto que se utilizan como saídas habituais
- os percorridos de evacuación non contan con sinais indicativas de dirección
- as sinais existentes non son as regulamentarias en canto a forma, dimensións e fotoluminiscencia
- os locais de risco e a maioría dos cadros eléctricos non están sinalizados

**4.4. Medios sanitario**

Nos seguintes cadros se mostran a localización das caixas de urxencia do CEP Francisco Vales Villamarín e o contido que deberían incluír.

<b>Caixas de urxencias</b> (Localización)	
Edificio A	Conserxería
Edificio B	Conserxería
Pavillón	Almacén

<b>Composición da caixa de urxencias</b>	
<b>Cant.</b>	<b>Material</b>
1	Apósitos de diferentes tamaños
2	Esparadrapo hipoalerxénico
5	Gasas estériles
5	Compresas estériles
1	Soro fisiolóxico de 0,9 %
2	Vendas de distintos tamaños
1	Tesoira cortarroupa
1	Pinzas
1	Tesoira cortagasas
1	Antiséptico para mans
1	Alcol para material
5	Bolsas de frío

No caso de existir no centro algunha persoa que precise de algunha menciña ou vacina específica, será necesario situala en lugar visible, identificada e separada do resto da caixa de urxencias, coa indicación por parte de un facultativo de como administrala e coa pertinente autorización firmada.

- Capacitación para o seu uso por parte do persoal designado, mediante a asistencia a un curso de primeiros auxilios.

Igualmente, e aínda que polo ano de construción do centro non lle resulte de obrigado cumprimento, dado o elevado número de docentes e alumnos/as do centro, e en base ao RD 485/1997 sobre seguridade e saúde nos centros de traballo, se recomenda que o centro habilite un local destinado única e exclusivamente a albergar unha sala de enfermería, equipada cunha caixa de urxencias, unha padiola e un punto de auga potable. Esta sala debería estar sinalizada e permitir un fácil acceso aos servizos de emerxencias, en especial, o acceso dunha padiola con rodas.

#### 4.5. Medios de evacuación

No referente ao análise da capacidade de evacuación das instalacións de calquera centro, sempre haberá que ter en conta diversos factores, como son:

- A propia arquitectura dos edificios, que se ben é certo, dependendo do ano de construción, pode non ser conforme á normativa actual, máis non exigible a súa adecuación; a lo menos, será necesario que a sinalización das vías de evacuación supla as posibles carencias que existan.
- A existencia de documentos que desenrolen e garantan unha óptima organización do persoal do centro en caso de que teñan que actuar ante unha emerxencia, como son os Plans de Emerxencia e os Plans de Autoprotección.
- A presenza no centro de persoal designado e formado adecuadamente, con capacidade para actuar ante unha emerxencia.

Tamén será necesario ter en conta que poidan existir factores puntuais que poidan influír negativamente nas condición de evacuación que a prior eran axeitadas, destacamos aquí aspectos como son:

- Portas de emerxencia ou saída habituais situadas en percorridos de evacuación que se encontren pechadas ou obstaculizadas.
- Presenza de obstáculos en portas ou corredores, que minoren o ancho de paso.
- Cortes ou fallos no subministro eléctrico que poidan marcar a evacuación.
- Falta ou deficiencia na iluminación de emerxencia no centro.
- Ausencia ou deficiencia de sistemas de alarma, ou que o seu nivel sonoro non sexa suficiente, debido as condicións de ruído ambientais do lugar.
- Falta de información aos usuarios ou visitantes ocasionais do centro, que poidan verse envoltos nunha situación de emerxencia, sen coñecer previamente información suficiente de como actuar.

O CEP Francisco Vales Villamarín conta con vías de evacuación horizontais e verticais.

Aínda que os edificios teñen data de construción anterior ao CTE, utilizarase este documento como referencia para o análises da capacidade de evacuación, posto que é o que establece os criterios máis restritivos, e por tanto, a prior garante unha maior seguridade dos ocupantes. Malia isto, é necesario indicar que non se pode exixir o cumprimento rigoroso de dita normativa no caso de aqueles edificios cuxa construción e/ou reforma sexa posterior á entrada en vigor da referida normativa, xa que non ten carácter retroactivo.

Para establecer o fluxo máximo de persoas que deberán usar as vías de evacuación horizontais do centro, seguiríase o seguinte criterio, podendo atoparnos con dous casos:

Ancho libre de paso (m.) x 200 ≥ Fluxo teórico → paso **axeitado**

Ancho libre de paso (m.) x 200 ≤ Fluxo teórico → paso **non axeitado**

Outro punto a considerar é asegurar a capacidade de evacuación tendo en conta o número de saídas existentes e as que debería ter en función do número de ocupantes (a consideración de "saída" refírese tanto á saída de recinto, como á saída de planta, como a unha saída do edificio, ao exterior). No caso do uso docente, se establece que só poden contar con unha única saída os recintos que cumpran as condicións abaixo indicadas, e en caso de non ser así, deberán ter máis de unha saída e por tanto, tamén se lles debería aplicar a hipótese de bloqueo á saída de maiores dimensións.

Uso docente	
Número de saídas existentes	Condicións
<p>Recintos que poden dispoñer dunha <b>única saída</b></p> <p>(débense cumprir todas as condicións, senón será preciso que o recinto conte con saídas adicionais)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Se a ocupación non excede de 50 persoas en escolas infantís ou de ensinanza primaria ou secundaria, e</li> <li>- non existan recorridos para máis de 50 persoas que precisen salvar, en sentido ascendente, unha altura de evacuación maior que 2 m., e</li> <li>- que o recorrido de evacuación ata a saída sexa inferior a 25 m, coas excepcións seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Inferior a 50 m cando a ocupación sexa menor que 25 persoas e a saída comunique directamente co espazo exterior seguro.</li> <li>o Inferior a 35 m en uso aparcamento</li> </ul> </li> <li>- que, en calquera caso, ademais de cumprir as condicións anteriores, a altura de evacuación do edificio sexa inferior a 28 m.</li> </ul>

Tendo en conta a actual ocupación do centro non parece que se presenten problemas no caso da capacidade de evacuación destes elementos, se ben a hora de realizar os simulacros, sería aconsellable a súa comprobación.



O CEP Francisco Vales Villamarín conta con vías de evacuación horizontais e verticais. Para o seu análise, relacionaremos as características dos percorridos desde cada un dos espazos, con atención especial aos ocupados polos nenos e nenas, e aos percorridos de evacuación que percorren.

## PORTAS

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Capacidade teórica evacuación
Edificio A	Baixa	Vestíbulo principal	Saída 1	·Dúas portas ·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal. Dispositivo antipánico	0,85/1,70 m	170/340 persoas
			Saída 2	·Dúas portas ·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal. Dispositivo antipánico	0,85/1,70 m	170/340 persoas
		Aula usos múltiples	Saída 1	·Dúas portas ·Apertura sentido contrario evacuación ·Apertura 90º normal.	0,80/1,60 m	160/320 persoas
			Saída 2 (a través da cociña)	·Dúas portas ·Apertura sentido favorable a evacuación	0,70/1,40 m	140/280 persoas
		Aula de informática	Saída 1	·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
		Aula música	Saída 1	·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Capacidade teórica evacuación
Edificio A	Baixa	Cociña e comedor	Saída 1	·Dúas portas ·Apertura sentido favorable a evacuación	0,70/1,40 m	140/280 persoas
			Saída 2	·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
		Conserxería	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
		Aulas	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
	Primeira	Sala de mestres	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
			Saída 2	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
		Dirección	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
		Aulas	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas
	Segunda	Biblioteca	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,90 m	180 persoas
		Aulas	Saída 1	·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 m	160 persoas

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Capacidade teórica evacuación
Edificio B	Baixa	Vestíbulo	Saída 1	·Dúas portas ·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	1/2 m	200/400 persoas
		Orientación, audición e linguaxe e PT	Saída 1	·Porta corredía	1,40 m	280 persoas
		Almacén	Saída 1	·Porta corredía	1,40 m	280 persoas
		Aulas	Saída 1	·Porta corredía	1,40 m	280 persoas
Saída 2	·Portas corredías de cristal		2,30 m (anchura efectiva 1,15 m)	230 persoas		
Pavillón	Baixa	Pista polideportiva	Saída 1	·Portal de dúas follas ·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	1,10 / 2,20 m	220/440 persoas
			Saída 2	·Porta de dobre folla ·Apertura sentido favorable a evacuación ·Apertura 90º normal	1,40 / 2,80 m	280/560 persoas
		Almacén	Saída 1	·Porta de dobre folla ·Apertura sentido contrario a evacuación ·Apertura 90º normal	0,80 / 1,60 m	160/320 persoas
		Vestuarios	Saída 1	·Porta abatible	0,80 m	160 persoas

En aqueles locais de ocupación máis elevada en previsión da celebración de eventos, comprobaremos se as saídas existentes son suficientes para o fluxo de evacuación asignado a cada un deles, tendo en conta que será necesario aplicar unha hipótese de bloqueo<sup>(1)</sup> á saída de maiores dimensións. Recordamos que no punto 3.3. se determinaba a hipotética capacidade máxima dos ditos locais.

Recinto	Saída	Características	Dimensións	Hipotética ocupación máxima	Capacidade evacuación das saídas	Capacidade de evacuación máxima <sup>(1)</sup>
<b>Salón de usos múltiples</b>	1	Porta dobre folla	0,80 / 1,60 m	180 persoas	160 / 320 persoas	<b>160 persoas</b>
	2	Porta dobre folla (saída a través da cociña e ata o exterior mediante porta simple con dispositivo antipánico)	0,80 m (porta de saída da cociña)		160 persoas	
<b>Patio exterior cuberto</b>	1	Portal corredío	3,50 m	1000 persoas	700 persoas	<b>1.360 persoas</b>
	2	Dúas portas corredías	0,85 / 1,70 m		170 / 340 persoas	
	3	Dúas portas corredías	0,85 / 1,70 m		170 / 340 persoas	
	4	Dúas portas corredías	0,85 / 1,70 m		170 / 340 persoas	
	5	Dúas portas corredías	0,85 / 1,70 m		170 / 340 persoas	
<b>Pavillón</b>	1	Portal dobre folla	1,10 / 2,20 m	2000 persoas	220 / 440	<b>720 persoas</b>
	2	Porta dobre folla	1,40 / 2,80 m		280 / 560	
	3	Porta dobre folla	0,70 / 1,40 m		140 / 280	

(1) En base á aplicación a todos os recintos con máis de unha saída, de unha hipótese de bloqueo á saída de maiores dimensións.

- (2) Para que as saídas deste recinto soporten a evacuación dos ocupantes en condicións de maior seguridade, no cálculo da **ocupación máxima se aplicou unha hipótese de bloqueo, resultando que no salón de usos múltiples se debería limitar a súa capacidade a 160 persoas.**
- (3) Para que as saídas deste recinto soporten a evacuación dos ocupantes en condicións de maior seguridade, no cálculo da **ocupación máxima se aplicou unha hipótese de bloqueo, resultando que no pavillón se debería limitar a súa capacidade a 720 persoas.**

Durante a realización de algún evento nos lugares sinalados será necesario asegurarse de que:

- non hai ningún obstáculo que entorpezas as saídas (nin os percorridos de evacuación nin as portas)
- no caso de tratarse de portas de dobre folla, que ámbalas dúas portas estean abertas



## DISTRIBUIDORES

Edificio	Planta	Distribuidor	Características	Dimensiones*	Capacidade de evacuación
Edificio A	Todas	Todos	-	2 m	400 persoas
Edificio B	Primeira	Distribuidor principal	-	2,20 m	440 persoas
		Aulas	-	1,40 m	280 persoas

## ESCALEIRAS

No Edificio A do centro escolar existen dúas escaleiras de carácter non protexido polas que se realizará a evacuación vertical descendente das persoas que se atopen nas plantas primeira e segunda.

Edificio	Escaleiras	Dimensións	Pegada	Contrapegada	Capacidade
Edificio A	Escaleira 1	1,30 m	30 cm	17 cm	208 persoas
	Escaleira 2	1,30 m	30 cm	17 cm	208 persoas

### Criterio para avaliación das escaleiras

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento dos distribuidores do CEIP Francisco Vales Villamarín é o recollido no DB-SI do Código Técnico da Edificación que establece as seguintes:

Escaleiras  $A \geq P/160$

sendo,

P, o número de persoas cuxo paso está previsto polo elemento de evacuación.

A, anchura do elemento de evacuación a determinar.

Pola súa parte, o DB-SUA do Código Técnico da Edificación establece a anchura mínima útil coa que debe contar una escaleira situada nun centro de uso docente e as medidas da pegada e a contrapegada.

No que se refire ás **saídas ao exterior**,

Edificio	Planta	Características	Onde sae	Dimensións	Capacidade evacuación
<b>Edificio A</b>	<b>Baixa</b>	Saída principal. Porta dobre folla. Barras antipánico	Patio. Fachada principal	0,85 / 1,70 m	170 / 340 persoas
		Saída principal. Porta dobre folla. Barras antipánico	Patio. Fachada principal	0,85 / 1,70 m	170 / 340 persoas
		Saída de servizo da cociña. Barra antipánico.	Patio traseiro	0,80 m	160 persoas
		Porta dobre folla. Distribuidor aulas.	Patio central	0,90 / 1,80 m	180 / 360 persoas
		Porta dobre folla. Distribuidor central.	Patio central	0,90 / 1,80 m	180 / 360 persoas
		Porta dobre folla. Distribuidor aulas	Patio traseiro	1 / 2 m	200 / 400 persoas

Edificio	Planta	Características	Onde sae	Dimensións	Capacidade evacuación
Edificio B	Baixa	Porta dobre folla. Saída principal	Patio. Fachada principal	1 / 2 m	200 / 400 persoas
		Porta. Distribuidor aulas	Patio traseiro	1 m	200 persoas
		Porta. Distribuidor aulas	Patio traseiro	1 m	200 persoas
		Porta. Distribuidor aulas	Patio traseiro	1 m	200 persoas
		Ademais, todas as aulas e estancias comúns contan con portas corredías de cristal con saída ao exterior.		2,30 m (1,15 de anchura efectiva)	230 persoas
Pavillón	Baixa	Portal dobre folla	Patio	1,40 / 2,80 m	280 / 560 persoas
		Porta dobre folla	Patio	1,10 / 2,20 m	220 / 440 persoas
		Porta dobre folla. Zona vestuarios.	Patio	1 / 2 m	200 / 400 persoas

No que se refire aos **percorridos de evacuación**,

Tomando como referencia os puntos máis afastados das saídas, os máximos percorridos son:

Edificio	Planta	Punto	Percorrido de evacuación	Capacidade de evacuación *
Edificio A	Baixa	Aula	40 m	Non cumpre
	Primeira	Aula	53 m	Non cumpre
	Segunda	Aula	53 m	Non cumpre
Edificio B	Baixa	Orientación	10 m	Cumpre
Pavillón	Baixa	Pista polideportiva	27 m	Cumpre

#### \* Criterio para avaliación dos percorridos de evacuación

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento dos distribuidores do CEIP Francisco Vales Villamarín é o recollido no DB-SI do Código Técnico da Edificación que establece que en centros docentes o percorrido máximo de evacuación non pode exceder os seguintes valores:

Nos recintos con unha única saída e con menos de 50 alumnos:

- a lonxitude dos recorridos de evacuación ata a saída de planta non excederá de 25 metros.
- Excepción: no caso de que a saída de planta sexa directa ao espazo exterior seguro e a ocupación non exceda de 25 persoas, a lonxitude poderá ser de 50 m.

Nos recintos con varias saídas:



- a lonxitude dos recorridos de evacuación ata a saída de planta non excederá de 35 metros en plantas de escolas infantís ou de ensinanza primaria.
- Noutros centros docentes poderá ser de ata 50 m, dependendo dos casos.

## Posto de mando


O posto de mando dependerá do lugar no que se produza a emerxencia, aínda que con carácter xeral, estará na zona de conserxería do edificio principal, e poderá trasladarse no caso de ser necesario.

En caso de que a emerxencia se produza en outro punto, o Xefe de Emerxencia se desprazará ata o lugar para posteriormente poder informar da magnitude do sinistro ao DPAE e así ditaminar as actuacións que se levarán a cabo.

## 4.6. Punto de encontro e espazo exterior seguro

Posto que o tamaño do recinto que ocupan as instalacións de ensinanza primaria do CEIP é de gran magnitude, que conta con varios edificios dentro do mesmo, así como 1 depósito de combustible soterrado (é outro próximo situado no *IES FRANCISCO AGUIAR*), que son un factor de risco a ter en conta, se establecerán varios punto de encontro, situados nos lugares sinalados na imaxe.

Tendo en conta o anterior, estableceremos varios puntos de encontro, tal e como se pode apreciar na imaxe inferior.





Os puntos de encontro do CEP Francisco Vales Villamarín están situados na fachada principal, a cal correspóndese coa fachada do camiño do Carregal, ben no lateral do edificio A ou diante do B, dependendo do lugar onde se produza a emerxencia. Dado que os únicos accesos ao recinto do Centro se atopan nesta fachada principal e que non resulta seguro que as persoas evacuadas se reúnan lonxe das saídas, situaremos os dous puntos de encontro tendo en conta que:

- Se a emerxencia se produce no edificio A, as persoas evacuadas se reunirán diante do edificio B.
- Se a emerxencia ten lugar no edificio B, as persoas evacuadas se reunirán xunto ao edificio A, na zona sinalada na imaxe, retirada da entrada pola que está previsto o acceso dos vehículos de emerxencia.

As persoas reunidas nestes puntos deberán ter coidado de non obstaculizar o portal de acceso as instalacións nin entorpecer o traballo dos servicios de emerxencia en caso necesario, o que repercutirá tamén na súa seguridade.

Por todo o anterior, vistas as condicións aplicables ao centro e as condicións presentes, consideramos que os lugares escollidos satisfán as condicións establecidas na normativa de referencia, que define o espazo exterior seguro como aquel no que se pode dar por finalizada a evacuación dos ocupantes dun edificio, e que cumpre os seguintes requirimentos:

- Permite a dispersión dos ocupantes que abandonan o edificio en condicións de seguridade.
- O espazo considerado está comunicado coa rede viaria e está situado a unha distancia suficiente do edificio.
- Permite una ampla disipación do calor, do fume e dos gases producidos por un incendio.
- Permite o acceso dos efectivos de bombeiros e dos medios de axuda aos ocupantes que, en cada caso, se consideren necesarios.
- Permite a entrada sen interferencias dos vehículos de emerxencia ás instalacións.

As únicas observacións ao respecto da situación dos puntos de encontros serían que:

- os gases e fumes dun hipotético incendio, escape de gases, etc... se dirixiran pola acción do vento ata a zona onde está fixada un dos puntos de encontro.
- Que o incendio sexa no depósito de combustible soterrado, próximo a un dos puntos de encontro.

Nestes casos, nos que algún deses puntos de encontro poida non ser seguro, as persoas evacuadas se dirixirán ata o **punto de encontro seguinte máis próximo**, seguindo as instrucións facilitadas pola persoa responsable, unha vez máis, sen entorpecer a entrada dos vehículos de emerxencia ás instalacións.

## Capítulo 5.

### **Programa de mantemento das instalacións**

Desde o mesmo realízase unha descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, instalacións de protección e as inspeccións de seguridade de acordo á normativa vixente, incluíndo guías para o control por parte do persoal designado no Plan.

#### **Contidos**

**5.1. Consideracións previas sobre o programa de mantemento**

**5.2. Mantemento preventivo das instalacións de riscos**

**5.3. Mantemento preventivo das instalacións de protección**

**5.4. Outras operacións de mantemento preventivo**

#### **ANEXO INSPECCIÓN**

**Libro de mantemento (en Anexo IV)**

## Capítulo 5. Programa de mantemento das instalacións

### 5.1. Consideracións previas sobre o programa de mantemento

No presente Capítulo se establecen as actuacións conducentes á implantación de un programa de mantemento preventivo das instalacións de risco máis relevantes así como dos medios técnicos relacionados no capítulo 4. Ademais e máis alá do mantemento operativo das instalacións, o cumprimento das seguintes actuacións, satisfará a necesidade de controlar o importante volume de información xerada.

Así, pretendemos contribuír ao logro dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar o coñecemento sobre as instalacións e sobre o seu estado.
- Posibilitar o establecemento de accións (programas preventivos, correctivos, grandes reparacións, cambios, etc.)
- Facilitar a mellora das instalacións e da súa xestión.

En relación coa seguridade e a autoprotección, o programa de mantemento achega:

- Dispor dunhas instalacións, equipamentos e recursos en condicións operativas, de máxima eficacia e de seguridade.
- Evitar defectos e fallos operativos e dispor de procesos tendentes a solucionarlos con criterios de eficacia.
- Arbitrar mecanismos para que, en caso de fallo ou defecto, se actúe para poñelas en posición segura.
- Dispor dunha información organizada, planificada e actualizada para a xestión.

O mantemento destas instalacións será realizado por persoal de mantemento da propia empresa ou por persoal cualificado de empresas externas, segundo o tipo de operación a realizar e as disposicións da normativa que lle sexa de aplicación en cada caso.



## 5.2. Mantemento preventivo das instalacións de riscos

Ás instalacións referidas lle serán realizadas as seguintes operacións de mantemento e/ou inspección. Ademais da relación das operacións de mantemento, acompañamos unha serie de consellos referidos á seguridade e autoprotección fronte os riscos provocados por ditas instalacións.

Instalación	Normativa aplicable	Operación, periodicidade	Alcance																				
<b>Instalación eléctrica</b>	RD 842/2002, Regulamento electrotécnico de Baixa Tensión	*Inspección periódica (cada 5 anos), se $P > 100\text{kW}$ * Comprobación da instalación de posta a terra anualmente, na época na que o chan estea máis seco.	Segundo regulamento																				
<b>Centros de transformación</b>	RD 337/2014, Regulamento condicións técnicas e garantías seguridade instalacións eléctricas de alta tensión e ITCs Complementarias	* Dependendo de quen sexa o titular da instalación, inspección periódica cada tres anos.	Segundo regulamento																				
<b>Sistema de climatización</b>	RD 1027/2007 Regulamento instalacións térmicas edificios e ITs e posteriores revisións	*Mantemento preventivo e periodicidade segundo IT 3.3. *Inspección e periodicidade segundo IT.4: *Farase unha inspección da instalación térmica completa se ten máis de 15 anos (desde 1º certificado) e se $P_{nominal} > 20\text{kW}$ (calor) ou $12\text{kW}$ (frío). <table border="1" style="margin: 10px auto;"> <thead> <tr> <th colspan="3">Sistemas Calefacción e ACS</th> </tr> <tr> <th>Pn (kW)</th> <th>Tipo enerxía</th> <th>Frecuencia</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td><math>12 \leq Pn \leq 70</math></td> <td>Calquera</td> <td>C/ 5 anos</td> </tr> <tr> <td rowspan="2"><math>Pn &gt; 70</math></td> <td>Gases renovables</td> <td>C/ 4 anos</td> </tr> <tr> <td>Outras</td> <td>C/ 2 anos</td> </tr> </tbody> </table> <table border="1" style="margin: 10px auto;"> <thead> <tr> <th colspan="2">Sistemas de refrixeración</th> </tr> <tr> <th>Pn (kW)</th> <th>Frecuencia</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td><math>12 \leq Pn</math></td> <td>C/ 5 anos</td> </tr> </tbody> </table>	Sistemas Calefacción e ACS			Pn (kW)	Tipo enerxía	Frecuencia	$12 \leq Pn \leq 70$	Calquera	C/ 5 anos	$Pn > 70$	Gases renovables	C/ 4 anos	Outras	C/ 2 anos	Sistemas de refrixeración		Pn (kW)	Frecuencia	$12 \leq Pn$	C/ 5 anos	Segundo IT.4, UNE EN 15239 e UNE EN 15240.
Sistemas Calefacción e ACS																							
Pn (kW)	Tipo enerxía	Frecuencia																					
$12 \leq Pn \leq 70$	Calquera	C/ 5 anos																					
$Pn > 70$	Gases renovables	C/ 4 anos																					
	Outras	C/ 2 anos																					
Sistemas de refrixeración																							
Pn (kW)	Frecuencia																						
$12 \leq Pn$	C/ 5 anos																						
<b>Ascensores</b>	RD 88/2013, ITC AEM1 Ascensores	*Mantemento segundo cap. III da ITC  *Inspección segundo cap. V da ITC, dende data instalación.	Segundo anexo VI, protocolos inspección e UNE 92008																				
<b>Depósitos de combustible</b>	- RD 656/2017, de Almacenamento de Produtos Químicos e ITCs MIE APQ ou, - RD. 2085/1994, de Instalaciones Petrolíferas.	* Inspeccións periódicas e alcance virán dadas por algún dos regulamentos anteriores, dependendo de por cal deles foi dada de alta a instalación.																					

### **Instalación eléctrica baixa tensión**

A instalación eléctrica é, con demasiada frecuencia, un fonte de perigos e orixe de numerosos incendios. É por isto, que lle adicamos un apartado específico a esta instalación, no que recolleemos diversas recomendacións que deben ser tidas en conta por todo o persoal da entidade.

- A instalación eléctrica só será manipulada, modificada, ou reparada por persoal que sexa instalador electricista autorizado pola Delegación Provincial competente.
- Non se conectarán ás bases de enchufe aparellos de potencia superior á prevista ou varios aparellos que no seu conxunto teñan unha potencia superior.
- Se se apreciase quecemento nos condutores ou enchufes, deben desconectarse.
- Os enchufes deben ter as patillas ben aparafusados, para evitar chispazos e quecementos.
- Para a limpeza de lámpadas e placas de mecanismos eléctricos, deberanse desconectar previamente.
- Non se debe evitar, substituír ou anular, ningún dos elementos dos cadros de protección.
- En caso de interrupción continuada da subministración eléctrica, deberanse desconectar todos os aparellos conectados, para que non se danen ao restablecer o servizo.
- Comprobar os interruptores automáticos diferenciais pulsando o botón de proba. Se non se dispara, é que está avariado e non existe protección contra as derivacións. Por iso, deberase avisar a un instalador autorizado.
- Non se deben enchufar os enchufes coas mans molladas.
- Non se deberán usar aparellos eléctricos con condutores sen illante (cables pelados), nin enchufes rotos.
- Ao facerse a limpeza, deberán desconectarse os aparellos das tomas de corrente.
- Non tire do cable ao desconectar os aparellos.
- Non deben achegarse os cables de alimentación da aparellos eléctricos a elementos de calefacción ou a fontes de calor.
- Se caese auga sobre algún aparello eléctrico, desconectarase o circuíto e efectuarase a operación coas mans secas e os pés calzados.
- En caso de ausencia prolongada, desconectarase a instalación por medio do interruptor xeral.



**Operacións de mantemento da instalación eléctrica:**

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada mes</b>	<b>Cada 6 meses</b>	<b>Cada ano</b>	<b>Cada cinco anos</b>	<b>Cada 10 anos</b>
<b>Diferencial</b>	Probar mediante o botón de proba de funcionamento				
<b>Cadros de mando e protección</b>	Vixiar a súa limpeza	Comprobar a existencia de rótulos con a identificación dos interruptores e circuitos	Comprobar o estado de proteccións e conexións		Revisión e proba xeral
<b>Rede xeral de terra</b>			·Medición do valor de terra. ·Comprobación da continuidade		
<b>Circuitos xerais e de derivacións</b>				·Probas de illamento e continuidade ·Revisión xeral	
<b>Interruptores e toma de corrente</b>		Revisión do seu estado exterior			
<b>Caixa xeneral de protección</b>			·Limpeza interior ·Comprobación de conexións	·Revisión xeral ·Comprobación de fusibles	
<b>Módulo de medida</b>			·Limpeza interior ·Comprobación de conexións		
<b>Aparellos de iluminación</b>		Limpeza xeral	Comprobación de fixacións		
<b>Equilibrio de fases (se fose o caso)</b>		Comprobar e estudar as causas por desvíos superiores ao 20%			
<b>Iluminación de emerxencia</b>			Comprobación de acendido		

**Instalacións de climatización:**

Deberán en tódolos casos terse en conta as especificacións do fabricante e, de ser exigible, adecuarse as prescricións do Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios (RITE) e actualizacións posteriores. Indicamos a continuación un extracto da IT 3.3 do RITE no que se detallan as operacións e periodicidades mínimas que debe abarcar o programa de mantemento preventivo das instalacións, salvo que no manual do fabricante se especifiquen outras máis restritivas, e sempre tendo en conta o uso do edificio, o tipo de aparato e a súa potencia nominal.

Equipos e potencias útiles nominais (Pn)	Periodicidade (Uso distinto de vivenda)
Quentador de auga quente sanitaria a gas 24,4 kW ≤ Pn	2 anos
Quentador de auga quente sanitaria a gas 24,4 kW < Pn ≤ 70 kW	Anual
Caldeiras murais a gas 70 kW ≤ Pn	Anual
Resto instalacións de calefacción 70 kW ≤ Pn	Anual
Aire acondicionado 12 kW ≤ Pn	2 anos
Aire acondicionado 12 kW ≤ Pn ≤ 70 kW	Anual
Instalacións de potencia superior a 70 kW	Mensual

\* **Nota:** Se 70 kW ≤ Pn e contase con supervisión remota en continuo, a periodicidade se pode incrementar ata os 2 anos, sempre que estean garantidas as condicións de seguridade e eficiencia enerxética.

Operacións de mantemento preventivo <sup>(1)</sup>	
Inst. calefacción e auga quente sanitaria	Instalación de climatización
· Revisión aparatos exclusivos produción ACS: Pn = 24,4 kW	· Limpeza dos evaporatorios. · Limpeza dos condensadores.
· Revisión aparatos exclusivos produción de ACS: 24,4 kW < Pn = 70 kW	· Drenaxe, limpeza e tratamento do circuíto de torres de refrixeración.
· Comprobación e limpeza, se procede, do circuíto de fumes de caldeiras.	· Comprobación da estanquidade e niveis de refrixerante e aceite en equipos frigoríficos.
· Comprobación e limpeza, se procede, de condutos de fumes e cheminea.	· Revisión e limpeza de filtros de aire.
· Limpeza, se procede, do queimador da caldeira.	· Revisión de aparatos de humectación e arrefriamento evaporatorio.
· Revisión do vaso de expansión.	· Revisión e limpeza: aparatos recuperación de calor.
· Revisión dos sistemas de tratamento da auga	· Revisión de unidades terminais auga-aire.
· Comprobación da estanquidade de peche entre queimador e caldeira.	· Revisión de unidades terminais de distribución de aire.
· Comprobación de niveis de auga en circuítos.	· Revisión e limpeza de unidades de impulsión e retorno de aire.
· Comprobación tarado elementos de seguridade.	· Revisión de equipos autónomos.
· Revisión e limpeza de filtros de auga.	
· Revisión do sistema de preparación de ACS.	
· Revisión do estado do illamento térmico.	
· Revisión do sistema de control automático.	

(1) **Nota:** As operacións a levar a cabo **dependerán do tipo de instalación e aparato**. A periodicidade de ditas operacións virá determinada pola primeira táboa, segundo o tipo e Potencia nominal da instalación.

### **Instalación de caldeira**

- Toda modificación que se prevea efectuar, requirirá o estudo e dirección de técnico cualificado e a instalación deberá ser realizada por instalador autorizado.
- Poden ser motivos de modificación os seguintes:
  - Ampliación parcial da instalación.
  - Cambio do tipo de combustible.
  - Cambio de uso do edificio.
- Deberá gardarse no centro, a documentación técnica do equipo de caldeira, manual de funcionamento, catálogo de pezas de recambio e garantía do fabricante.
- As instrucións de servizo colocaranse en sitio visible na sala de caldeiras.
- A instalación manterase chea de auga mesmo en períodos sen funcionamento, a fin de evitar oxidacións por entrada do aire.
- A ventilación e renovación do aire en locais quentados realizarase en 15 ou 20 minutos como máximo.
- As anomalías observadas no funcionamento da calefacción, debe ser comunicada as persoas encargadas do mantemento.
- As tubaxes non poderán ser utilizadas como baixantes de posta a terra de aparellos eléctricos.
- Antes de pór en marcha a instalación, debe comprobarse que o circuíto estea cheo.
- En xeral, debe vixiarse permanentemente polos usuarios, esta instalación de calefacción, observando a aparición de cheiros por fugas de combustible, se existen roturas, o estado das chaves de corte, o estado das tubaxes, a inexistencia de placas de advertencias, de prohibicións, goteo en válvula de seguridade, ruídos, vibracións, etc..



### Instalación de depósitos

- Non poderá realizarse ningunha modificación na instalación. En caso de decisión requirirase estudo e autorización de técnico competente.
- Seguiranse as instrucións de funcionamento e posta en marcha da instalación.
- Nas zonas de depósitos non poderán entrar nin permanecer persoas alleas non autorizadas.
- Revisarase a instalación e probarase de novo cando exista variación no tipo de líquido ou da súa utilización.
- Coidarase a permanencia de carteis visibles con inscricións de "líquido inflamable" "prohibido fumar" e símbolo de "perigo de morte".

Equipo ou sistema	Cada 10 anos
Depósitos	<ul style="list-style-type: none"><li>·Revisión do estado de paredes, cimentacións, valados, cerramentos, drenaxes, etc.</li><li>·Se existe posta a terra, continuidade eléctrica das canalizacións se non existe documento de revisións periódicas do mantemento.</li><li>·Estado das paredes e medición de espesores en tanques e tubarías.</li><li>·Correcto estado de bombas, surtidores, manguerías e boqueres.</li></ul>

### **Instalación de ascensores**

- O mantemento preventivo das instalacións, garantirá a operatividade das mesmas e que estas non orixinen riscos tanto ás persoas, como aos bens ou ao medio ambiente.
- Non se deberá exceder o límite de carga nin o número de persoas que se especifica no interior de cabina.
- Calquera anomalía ou avaría do funcionamento será posta en coñecemento da empresa mantedora.
- A persoa encargada da instalación, deberá estar instruída no manexo do aparello de acordo coas características do fabricante, disporá de chave de apertura de portas en caso de emerxencia para rescate de persoas que baixen na cabina en momento de avaría. Dita chave deberá estar sempre localizable, do mesmo xeito que a chave da sala de máquinas.
- O acceso ao cuarto de máquinas estará limitado á persoa encargada do servizo e ao persoal da empresa de mantemento.
- En caso de accidente, o director do Plan de Autoprotección estará obrigado a polo en coñecemento da Delegación Provincial correspondente e á Empresa de mantemento, e non se renovará o servizo ata que sexan recoñecidas e resoltas as avarías e probas pertinentes.
- Non golpear ou forzar as portas do ascensor pois axuda a provocar a avaría.
- Non utilizar o botón de parada salvo en casos de emerxencia.
- Non reter as portas abertas sen causas xustificadas.
- En caso de incendio non debe utilizarse nunca o ascensor.
- Calquera anomalía e ruído do ascensor porase en coñecemento da empresa mantedora e deixarase de usar o mesmo.
- Prohíbese fumar no interior da cabina.
- En uso de parada entre plantas non se tentará o abandono da cabina. Accionarase o botón de alarma e esperarase ata a chegada do auxilio.
- Non usar o teléfono máis que en caso de emerxencia.
- Permanentemente vixiarase o correcto funcionamento de portas, adecuada nivelación de cabina, e presenza ruídos e vibracións anormais de cabina.
- En todos os casos, tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando, como mínimo: as operacións efectuadas, o resultado das verificacións e probas e a substitución de elementos defectuosos que se realizaron.

As anotacións deberán levar ao día e estarán a disposición dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma correspondente.

Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada		
Equipo ou sistema	Cada mes	Cada seis meses
Ascensores	Revisión dos elementos da instalación do ascensor. Comprobación do funcionamento do teléfono interior. Realizaranse os traballos regulamentarios e outros que se contraten expresamente. Limpeza do foso e cuarto de máquinas.	Inspeccionarase e probarase a instalación completa segundo as prescricións da ITC-MIE-AEM-1. A empresa mantedora dará ao centro a data e resultado de tales inspeccións.

### 5.3. Mantemento preventivo das instalacións de protección

No que se refire as instalacións de protección, revisaranse verificando a súa correcta instalación e estado, e a súa adecuación ao proxecto e licencia de actividade.

Asemade, tamén neste apartado referenciamos as operacións a realizar, así como a súa periodicidade. O faremos atendendo ao tipo de medio e as que debe realizar directamente o persoal do CEIP e os que deben ser realizadas pola empresa autorizada para tal fin.

Instalación	Normativa aplicable	Operación e periodicidade	Alcance
<b>Sistemas de protección contra incendios</b>	*RSCIEI: RD 2267/2004, regulamento seguridade contra incendios en instalacións industriais. *RIPCI: RD 513/2017, Regulamento de instalacións de protección contra incendios.	*Mantemento, segundo as táboas I, II e III do Anexo II do RIPCI <sup>(1)</sup>  * Inspeccións segundo: - artigo 7 do RSCIEI - artigo 22 do RIPCI	* Segundo o RIPCI, se inspeccionarán instalacións e a documentación. * O alcance das inspeccións dos diversos elementos será acorde ao disposto nas normas UNE referenciadas no apéndice Anexo I do RIPCI para cada elemento.
<b>Iluminación de emerxencia</b>	*RIPCI: RD 513/2017, Regulamento de instalacións de protección contra incendios. *REBT: RD 842/2002, Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, e na Instrución Técnica Complementaria ITC-BT-28.	* Segundo REBT	* Segundo REBT
<b>Sinalización de emerxencia</b>	*RIPCI: RD 513/2017, Regulamento de instalacións de protección contra incendios.	*Mantemento, segundo as táboas I, II e III do Anexo II do RIPCI <sup>(1)</sup>	* Segundo o RIPCI, se inspeccionarán instalacións e a documentación.

<sup>(1)</sup> No Anexo II do RIPCI, indícase que as operacións de mantemento das táboas I e III as pode realizar o persoal do usuario ou titular da instalación, pois son relativamente sinxelas. No relativo a este aspecto, se debe matizar que o persoal subcontratado non se debería considerar como persoal do usuario, xa que para elo xa existen as empresas habilitadas. Se se vai a optar por subcontratar a outra empresa para facer labores de mantemento, o correcto é que esta sexa unha empresa habilitada.

No momento de elaborarse o presente Plan de Autoprotección, as operacións de mantemento dos extintores e os seus compoñentes realízanse por unha empresa autorizada.

<b>Razón social do Instalador</b>	SP Y C Seguridad
<b>Teléfono</b>	981 77 04 26

A continuación indícanse as operacións a realizar e a súa periodicidade, atendendo ao tipo de medio, e diferenciando entre ás que poden realizar directamente o persoal de mantemento do centro (se o houberse) e as que deben ser realizadas polo centro autorizada para tal fin.

**Extintores portátiles:**

Operacións que pode realizar o <b>persoal de mantemento</b> , ou senón, persoal especializado do fabricante, instalador ou polo persoal da empresa mantedora autorizada	
<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada 3 meses</b>
<b>Extintores portátiles</b>	<p>Seguinte <b>comprobación</b>,</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>·Que están no lugar asignado e non teñen mostras de danos aparentes.</li> <li>·Adecuación ao risco a protexer.</li> <li>·Accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación</li> <li>·Teñen as instrucións de uso na súa parte dianteira e son lexibles.</li> <li>·Indicador de presión na zona de operación</li> <li>·Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc</li> <li>·Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (Boquilla, válvula, manguera, etc)</li> <li>·Non foron descargados total ou parcialmente.</li> </ul> <p><u>* Tamén se entenderá cumprido este requisito si se realizan as operacións que se indican no "Programa de Mantemento Trimestral" de la Norma UNE 23120.</u></p>

Operacións a realizar <b>só polo persoal especializado</b> do fabricante ou persoal da empresa mantedora autorizada		
<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada ano</b>	<b>Cada 5 anos</b>

<b>Extintores portátiles</b>	<p>Realizar as operacións de mantemento segundo o establecido no "Programa de Mantemento Anual" da Norma UNE 23120.</p> <p>En extintores móbiles, se comprobará, adicionalmente, o bo estado do sistema de traslado.</p>	<p>Realizar unha proba de nivel C (timbrado), de acordo ao establecido no anexo III, do Regulamento de Equipos a Presión, aprobado por Real Decreto 2060/2008.</p> <p>A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) se procederá ao retimbrado do mesmo de acordo ao establecido no anexo III do Regulamento de Equipos a Presión.</p>
------------------------------	--	--

**Sinalización fotoluminiscente:**

Operacións que pode realizar o <b>persoal de mantemento</b> , ou senón, persoal especializado do fabricante, instalador ou polo persoal da empresa mantedora autorizada	
<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada ano</b>
<b>Sinais</b>	<p>Seguinte <b>comprobación</b>,</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Comprobación visual da súa existencia, correcta localización e bo estado en canto a limpeza, visibilidade e iluminación (na escuridade) das sinais, balizamentos e/ou planos de evacuación.</li> <li>· Verificación do estado dos elementos de suxeición (ancoraxes, angulares, parafusos, adhesivos, etc.).</li> </ul> <p>Nota: a vida útil das sinais fotoluminiscentes será a que estableza o fabricante das mesmas. No caso de que o fabricante non estableza unha vida útil, esta se considerará de 10 anos.</p>



## 5.4. Outras operacións de mantemento preventivo

Ademais dunha operativa política de mantemento das instalacións de risco e daqueles medios de protección contra incendio existentes no edificio, é recomendable a existencia de criterios que nos permitan organizar as inspeccións e comprobacións de outros elementos esenciais para unha correcta actuación ante a emerxencia.

### Percorridos de evacuación

Operacións que pode realizar o <b>persoal de mantemento</b> do centro	
Elemento	Cada mes
<b>Saídas das dependencias</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización. ·Funcionamento correcto do dispositivo de apertura.
<b>Percorrido de evacuación</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización
<b>Saídas do edificio</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización. ·Funcionamento correcto do dispositivo de apertura.
<b>Portas RF e sectorización (no caso de habelas)</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Operacións de mantemento periódico incluíndo proba funcional e comprobación das tiras intumescentes. ·Existencia e boa conservación da sinalización. ·Funcionamento correcto do dispositivo de apertura.

## Capítulo 6.

### **Plan de actuación ante emerxencias**

Desde este capítulo contéplase as diferentes hipóteses de emerxencia e os plans de actuación para cada unha delas. Clasificación das emerxencias en función do tipo de risco, gravidade e ocupación dos medios. Indicaranse os procedementos de detección e alerta de emerxencias, así como os mecanismos de alarma.

Tamén se identifican as funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos e a identificación do responsable da posta en marcha do Plan de Autoprotección.

### **Contidos**

- 6.1. Identificación e clasificación das emerxencias**
- 6.2. Procedemento de actuación ante emerxencias**
- 6.3. Identificación do persoal designado**
- 6.4. Identificación do responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante emerxencias**

## Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias

### 6.1. Identificación e clasificación das emerxencias

O obxecto do Plan de Emerxencia é determinar a secuencia de accións a desenvolver para o control das emerxencias que poidan producirse nas instalacións do edificio. Para logralo teranse en conta a súa gravidade, dispoñibilidade de medios, área de afección e causa que o producira, establecendo:

**¿Que se fará?**  
**¿Cando se fará?**  
**¿Como e onde se fará?**  
**¿Quen o fará?**

Para logralo, en primeiro lugar, clasifícanse as emerxencias en función do risco, definindo a continuación as equipos do Plan de Emerxencias e as súas misións, así como as accións a emprender e o seu desenvolvemento en cada caso.

#### 6.1.1. En función do tipo de risco

En base a identificación de riscos realizada no Capítulo 3, as situacións de emerxencia que se contemplan, son:

<b>Propias da actividade</b>
Incendio
Explosión
Accidente individual
Accidente colectivo
Contacto eléctrico
Emerxencia sanitaria
Intoxicación alimentaria
Fallo subministro eléctrico
Derrubamento

<b>Riscos Plans de protección Civil e actividades próximas</b>	
<b>Riscos naturais</b>	Riscos meteorolóxicos ou climáticos
<b>Riscos tecnolóxicos e antrópicos</b>	Riscos por inundación
<b>Riscos tecnolóxicos e antrópicos</b>	Incendio industrial, urbano ou nube tóxica

	Incendio forestal
	Transporte mercadorías perigosas

### 6.1.2. En función da gravidade

Pola gravidade das súas posibles consecuencias, as emerxencias clasifícanse en:

#### Conato de emerxencia

O **conato de emerxencia** é un pequeno incidente que non afecta, de inmediato, ao normal desenvolvemento das demais instalacións dos espazos e que en principio se estima que pode ser controlada de forma rápida e sinxela polo persoal e medios de protección propios.

Este primeiro estado de emerxencia debe resolverse sen maior complicación para o resto dos usuarios dos espazos e sen necesidade de proceder a ningunha evacuación.

Exemplos de conato de emerxencia poden ser o incendio de unha papeleira, o provocado por un cortocircuíto eléctrico ou un incendio de un colector illado de lixo.

Calquera situación que non fora resolta no grao de conato, terá como resultado a evacuación das persoas implicadas, a fin de garantir a súa integridade física.

Nota. Débese ter en conta a posibilidade de que se produza unha **falsa alarma**, que é a situación producida por fallos no sistema Automático de Detección e Alarma ou por erro humano, non existindo incendio, derrame ou calquera outra causa orixinaria de unha emerxencia.

#### Emerxencia parcial

A emerxencia parcial prodúcese cando, aínda revestindo a emerxencia certa importancia aparente, pode chegar a ser controlado polos propios equipos de protección do sector.

#### Emerxencia xeral

A emerxencia xeral é a que non pode ser resolta polos medios dos equipos de emerxencia con os medios das actividades. A actuación dos Equipos de Emerxencia e Autoprotección designados pode resultar insuficiente solicitando o apoio de outros sectores e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores, servizos de emerxencia como bombeiros, ambulancias, policía, etc.

A emerxencia xeral comportará a evacuación de todas as persoas que en ese momento ocupan as prazas, sendo os membros dos Equipos de Emerxencia e Autoprotección as últimas persoas en abandonar o edificio unha vez realizadas as accións de verificación da evacuación.

### **6.1.3. En función da ocupación e de disposición de medios humanos**

As características da actividade do CEIP Francisco Vales Villamarín, observaremos tres situacións en función da ocupación e dispoñibilidade dos medios humanos.

#### **Risco de desenvolvemento desfavorable da emerxencia:**

<b>En función da ocupación</b>	
Actividade escolar	Medio
Actividade extraescolar	Baixo
Actividades extraordinarias	Alto

<b>En función da dispoñibilidade de medios</b>	
Actividade escolar	Medio
Actividade extraescolar	Alto
Actividades extraordinarias	Alto

## **6.2. Procedemento de actuación ante emerxencias**

Distinguiremos catro momentos da actuación ante unha emerxencia, ás que requirirán a intervención das correspondentes persoas e medios para garantir o seu control en todo momento.

# **ALERTA**

**A alerta**, que é o resultado da detección de unha situación de emerxencia. En este caso se deberá:

- Poñer en acción as persoas que intervirán.

# **INTERVENCIÓN**

**A intervención**, para o control adecuado da emerxencia. Son as operacións de control da emerxencia con os medios materiais e humanos dos que se dispoña, segundo o previsto no Plan de Autoprotección e o tipo de incidente que provocara a alerta.

## ALARMA

**A alarma**, é o sinal de aviso que se da mediante un sistema sonoro. En caso de producirse, ordenarase a evacuación dos ocupantes e a entrada en acción dos equipos de emerxencia.

## APOIO

**O apoio**, son as accións encamiñadas a facilitar a intervención de axuda eterna, por medio da recepción e transmisión da información sobre as persoas que están no centro, as características da propia actividade e os medios existentes. Estes servizos poden ser emerxencias, bombeiros, axuda médica, forzas de seguridade e a información pode ser a relativa ao control de accesos, planos, sustancias, etc.

### 6.2.1. Mecanismos de alarma

Os mecanismos de alarma son as que se utilizarán para decretar a alarma.

<b>Alerta</b>	Medios humanos (móbil, teléfono, chifro e/ou voz)
<b>Alarma</b>	Medios humanos (móbil, teléfono, chifro e/ou voz) Medios técnicos (timbre e/ou bucina)

### 6.2.2. Identificación da persoa que dará os avisos

Persoa que dará os avisos aos servizos de emerxencia	
<b>Titular</b>	Director/a do Plan de Actuación en caso de Emerxencia
<b>Suplente</b>	Segundo dispoñibilidade, no seguinte orde: <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Xefe/a de Emerxencia</li><li>▪ Secretario/a</li><li>▪ Xefe/a de Estudios</li></ul>



### 6.2.3. Servizos públicos de emerxencia

En Galicia está plenamente implantado o número único de emerxencias 112, como Servizo Público da Xunta de Galicia xestionado conforme a Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia pola Axencia Galega de Emerxencias entidade de dereito público adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza baixo a dirección da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

No marco do desenvolvemento das operativas do Plan de autoprotección, a coordinación con os distintos servizos públicos de emerxencia non pertencentes ao operativo, realizarase mediante o 112, número único de emerxencias.

**CIAE 112**  
**Teléfono de coordinación de emerxencia**  
**112**

- **Número Único de Emerxencias:** urxencias e emerxencias en materia sanitaria, extinción de incendios e salvamento, seguridade cidadá e protección civil.
- **Permanente:** dispoñible 24 horas ó día 365 días ó ano.
- **Servizo Integral:** atende calquera demanda de Urxencia e Emerxencia e coordina as actuacións de tódolos organismos que interveñen na resolución das mesmas.
- **De Balde:** sen custe ningún para o usuario.

Medio	Teléfono
<b>CIAE 112</b>	112
<b>Policía Local Betanzos</b>	092 981 770 694
<b>Policía Nacional</b>	091
<b>Garda Civil Betanzos</b>	062 981 450 005
<b>Protección Civil Betanzos</b>	981 774 742 606 309 925
<b>Bombeiros (SPEIS Betanzos)</b>	080 981 775 153
<b>Urxencias médicas</b>	061

<b>Información toxicolóxica</b>	915 62 04 20
<b>Urxencias e avarias na rede de distribución eléctrica (Unión Fenosa Distribución S.A.)</b>	900 333 999
<b>Viaqua</b>	900 201 250 981 772 112

#### 6.2.4. Os equipos de emerxencia

A organización dos medios para facer fronte a unha situación de emerxencia resulta fundamental para poder actuar con garantías. Para lograr unha organización efectiva, debe realizarse unha distribución por grupos con funcións específicas en caso de emerxencia, que xa foi adiantado no Capítulo 3.



Recórdase neste punto, a importancia de establecer de antemán as persoas suplentes que asumirán as labores dos membros designados non presentes, en calquera dos horarios de apertura do centro.

### 6.2.5. Mecanismos de resposta fronte á emerxencia

## TODO O PERSOAL

#### 1.- SE DETECTA UN ACCIDENTE

- Prestar asistencia ao ferido.
- Alertar ao equipo de primeiros auxilios.
- Dar parte ao Director do Plan de Actuación a través do Xefe de Emerxencia.

#### 2.- SE DETECTA UN INCENDIO

- Alertar ao Director do Plan de Actuación ante Emerxencias:
  - Identificarse
  - Detallar o lugar, natureza e tamaño da Emerxencia.
  - Comprobar que reciben o aviso.
  - Utilizar inmediatamente o extintor adecuado.
  - Indicar a situación do lume, ao Xefe de Emerxencia ou membros dos Equipos de Intervención.

#### 3.- SE SOA A ALARMA

- Manter a orde.
- Atender e acatar as indicacións do Equipo de Evacuación.
- Non atrasarse a recoller obxectos persoais.
- Pechar todas as xanelas.
- Saír ordenadamente e sen correr.
- Non falar durante a evacuación.
- Realizar a evacuación a nivel de chan en caso de presenza de fumes.

**DIRIXIRSE AO LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓN**

## PROTOCOLO EXTINCIÓN DE INCENDIOS

### PRIMEIRO

Ante un incendio, tratar de separar o material combustible do foco do incendio e, se é posible, evitar correntes de aire que poidan intensificalo.

### SEGUNDO

Como norma xeral: **primeiro alertar e logo intervir.**

### TERCEIRO

Tentar apagalo mediante os extintores portátiles e medios ao seu alcance.

### CUARTO

Manter a serenidade e actuar de forma firme, sabendo sempre o que se fai. Se é posible nunca actuar só.

### QUINTO

Vixiar e protexer a retirada por se fose necesario.

- Estar atentos ante a posibilidade de verse envoltos subitamente polas consecuencias do lume.
- Se é preciso abandonar o lugar, tentando pechar portas e xanelas das estancias que se atravesen, para conter o lume.
- Se existe fume: gatear por baixo da capa de fume.
- Se queda atrapado polo fume, respirar polo nariz en intervalos curtos. Gatear polo chan buscando o osíxeno e a menor concentración de gases sufocantes e tóxicos.
- Se é posible localizar tecidos (nunca de fibra artificial) que poderán aplicarse sobre as vías respiratorias para evitar a inhalación de gases tóxicos ou para cubrirse en caso de ter que atravesar zonas quentes.
- Se queda atrapado polo fume ou polo lume:
  - Tombarse no chan.
  - Tratar de localizar tecidos (de algodón, nunca de fibra artificial), humedecelos en auga.
  - Tapar as fendas en portas para imposibilitar a entrada de máis fumes e gases.
  - Se é posible, achegarse a unha xanela e solicitar axuda.
  - Facer o posible por ser visto ou oído.

## **SEXTO**

Antes de abrir unha porta: tocala coa man; se está quente, non abri-la. Se está fría, abri-la con precaución, aos poucos, tratando de protexerse das posibles labaradas. Se ao abri-la sente calor ou presión, pechar de inmediato antes de que o lume penetre no recinto en que se atopa.

## **SÉTIMO**

O pánico é un factor emocional provocado polo medo que en ocasións leva a correr un risco superior. O risco de pánico acrecéntase se unha persoa o estende a un colectivo. A serenidade e a firmeza das persoas dos equipos de emerxencia evitan situacións de pánico colectivo. En presenza de grupos convén detectar aquelas persoas proclives aos ataques de pánico.

## **OITAVO**

Se non pode saír da estancia na que se atopa e está ante unha gran presenza de fume no recinto, tente abrir as xanelas. Verifique antes que non estea directamente sobre o lume.

## **NOVENO**

Salvo que a magnitude do sinistro o imposibilite, o Xefe de Emerxencia acudirá ao lugar do suceso e avaliará a situación, para a continuación informar ao DPAE. En caso de ser necesario, avisarase aos Equipos de Alarma e Evacuación, e se utilizaran os medios de extinción previstos.

Se non se pode controlar, alertarase de inmediato aos Servizos de Emerxencia, para o seu concurso no sinistro. Mentres acoden, tratarase de evitar que o suceso alcance maiores dimensións.

## **DÉCIMO**

O persoal evacuado acudirá ao punto de encontro, ao igual que o Xefe de Emerxencia, o cal confirmará que a evacuación foi axeitada e efectuará o reconto final de persoal, verificando que non quedou ninguén atrapado.



## PROTOCOLO EVACUACIÓN

Son numerosos os factores incidentes na evacuación, entre os máis importantes sinálanse os seguintes:

### A orixe ou a causa motivadora da evacuación

